

RITUAL DO MATRIMONIO

RITUAL DO MATRIMONIO

**REFORMADO SEGUNDO OS DECRETOS DO CONCILIO VATICANO II,
APROBADO POLOS BISPOS DAS DIÓCESES DE LINGUA GALEGA E
CONFIRMADO POLA CONGREGACIÓN DO CULTO DIVINO E DA DISCIPLINA
DOS SACRAMENTOS**

Segunda edición do RITUAL DO MATRIMONIO

© Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela.
A propiedade deste texto está reservada á Provincia Eclesiástica Compostelá.

**CONGREGACIÓN PARA O CULTO DIVINO
E A DISCIPLINA DOS SACRAMENTOS**

Prot. n. CD 1068/89

DECRETO

O rito da celebración do Matrimonio, que anteriormente se atopaba no Ritual Romano, foi renovado o ano 1969 ó promulga-la Sagrada Congregación de Ritos o “Ordo celebrandi Matrimonium”.

Nesta segunda edición, o mesmo “Ordo” preséntase mellorado no proemio, introducidas algunhas variantes nos ritos e oracións para acomodalo ó Código de Dereito Canónico, promulgado no ano 1983.

A Congregación para o Culto Divino e a Disciplina dos Sacramentos, con mandato especial do Sumo Pontífice Xoán Paulo II, ordena publicar esta nova edición típica. O “Ordo” na súa segunda edición típica en lingua latina, terá vigor a partir da súa publicación. As versións en linguas vernáculas, despois de que sexan confirmadas pola Sé Apostólica, terán vixencia desde o día que determinen as Conferencias Episcopais.

Sen que nada obste en contrario.

Na Sé da Sagrada Congregación para o Culto Divino e a Disciplina dos Sacramentos, o día 19 de marzo do ano 1.990, solemnidade de San Xosé.

Eduardo Card. MARTÍNEZ
Prefecto

Luís KADA
Arceb. tit. Thibicensis
Secretario

**CONGREGACIÓN PARA O CULTO DIVINO
E A DISCIPLINA DOS SACRAMENTOS**

Prot. n.

DECRETO

PRESENTACIÓN

Cando vén de remata-lo ano internacional da familia, publícase este Ritual do Matrimonio en lingua galega, de acordo coa edición típica vaticana de 1990. E nada desexamos tanto coma que contribúa a reanimar entre nós o sector básico da pastoral matrimonial e familiar.

Galicia é a parcela privilexiada da Igrexa de Deus, na que a institución familiar se arraiga nas mesmas raíces da fe cristiá. Mais non se pode fiar todo ó peso da tradición, cando esta se ve contradicida por datos preocupantes como o que nos sitúa nas cotas máis ínfimas da natalidade en Europa.

A celebración sacramental do Matrimonio é meta e punto de partida para os cristiáns que, dende a fe cristiá, descubren o Matrimonio como realización dunha vocación recibida. Por iso, a preparación para ese momento, no que dúas vidas se unen definitivamente, ha estar animada polo espírito que empapa toda a letra do Ritual, que se manifesta sempre estimulante e renovador. Neste afán inscríbese a novidade máis rechamante da presente edición: "O rito da bendición dos noivos xa decididos á celebración sacramental do Matrimonio. Os perigos da banalización que se poden producir aquí, veranse esvaecidos cunha visión esperanzada e xubilosa do noivado vivido dende a fe.

Así mesmo, o Ritual do Matrimonio ofrécese como punto de referencia para os casados: a súa meditación actualizada levaraos a revivir de continuo o amor primeiro que sempre cobra novos bríos coa entrega sacrificada e fiel.

Co Concilio Vaticano II a Igrexa comprometeuse na fidelidade á súa misión de ser para o mundo signo de esperanza e alegría. Se cadra, o maior signo de esperanza cara ó mundo e Galicia será o que ofrezan os matrimonios dispostos a vivi-lo misterio gozoso e fecundo da liturxia matrimonial.

Santiago de Compostela,
Os Bispos de Galicia.

OBSERVACIÓNS XERAIS

I

IMPORTANCIA E DIGNIDADE DO SACRAMENTO DO MATRIMONIO

1. A alianza matrimonial, pola que o home e a muller establecen entre si un consorcio para toda a vida¹, recibe natureza e valor da creación, e ademais, para os fieis cristiáns, elévase á máis alta dignidade, ó ser engadida ó número dos sacramentos da nova Alianza.
2. O Matrimonio establécese pola alianza conxugal, irrevogable consentimento entre un e outro, no que os cónxuxes libre e mutuamente se entregan e reciben. Con todo, esta singular unión do home e da muller e o ben dos fillos reclaman a plena fidelidade dos esposos e a indisoluble unidade do vínculo².
3. Por esixencia natural, a institución matrimonial e o amor conxugal están ordenados á procreación e á educación dos fillos, que constitúen o seu cumio e a súa coroa³; os fillos son certamente o don máis excelso do Matrimonio e colman o ben dos seus pais.
4. A intimidade de vida e a comunidade de amor, pola que os esposos "xa non son dous, senón unha soa carne"⁴, foi establecida por Deus Creador, ordenada con leis propias e dotada de tal bendición, que é a única que non foi anulada pola pena do pecado orixinal⁵. Este sagrado vínculo non depende, polo tanto, da arbitrariedade humana, senón do autor do Matrimonio, que o quixo dotado de peculiares bens e fins⁶.
5. Cristo, o Señor, restaurador da nova creación e que o renova todo⁷, non só quixo mante-lo Matrimonio na súa orixinal forma e santidad, de xeito que o que Deus xuntou non o separe o home⁸, senón que o elevou á dignidade de sacramento, para que esta indisoluble alianza conxugal signifique e manifeste con evidente claridade a alianza nupcial de Cristo coa Igrexa⁹.

¹ Cf. *Código de Dereito Canónico*, can. 1055, 1.

² Cf. Concilio Vaticano II, Constitución pastoral *Gaudium et spes*, sobre a Igrexa no mundo actual, núm. 48.

³ Cf. *ibid.*, núm. 48.

⁴ Mt 19, 6.

⁵ Cf. *Missale Romanum*, Misa na celebración do Matrimonio, A, Oración pola esposa e o esposo.

⁶ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución pastoral *Gaudium et spes*, sobre a Igrexa no mundo actual, núm. 48.

⁷ Cf. 2 Co 5, 17.

⁸ Cf. Mt 19, 6.

⁹ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución pastoral *Gaudium et spes*, sobre a Igrexa no mundo actual, núm. 48.

6. Coa súa presenza en Caná ofreceu ós esposos a bendición e a ledicia, anunciando, ó converte-la auga en viño, a hora da Alianza nova e eterna: "pois da mesma maneira que Deus noutro tempo se uniu ó seu pobo cunha alianza de amor e fidelidade, do mesmo xeito agora o Salvador dos homes"¹⁰ ofrécese á Igrexa coma esposo, consumando a alianza nupcial con ela no seu misterio pascual.

7. Dunha vez para sempre, o home e a muller, por medio do Bautismo, sacramento da fe, quedan inseridos na alianza de Cristo coa Igrexa, de tal xeito que a súa comunidade conxugal é asociada á caridade de Cristo e enriquecida polo seu sacrificio¹¹. Desta nova condición séguese que o Matrimonio válido dos bautizados é sempre un Sacramento¹².

8. Os cónxuxes cristiáns, en virtude do sacramento do Matrimonio, significan e participan do misterio de unidade e amor fecundo entre Cristo e a Igrexa¹³; por isto, ó abraza-la vida conxugal e ó recibir e educa-la prole, axúdanse mutuamente no camiño da santidad, e gozan tamén eles dunha función peculiar e dun don propio no pobo de Deus¹⁴.

9. Por medio deste sacramento, do mesmo xeito que Cristo amou a súa Igrexa e se entregou a si mesmo por ela¹⁵, o Espírito Santo move os cónxuxes cristiáns a que, pola súa idéntica dignidade, entrega mutua e amor indiviso que abrolla da fonte divina da caridade, coiden e protexan o seu Matrimonio como quen comparte o divino e o humano no medio da prosperidade e da adversidade, perseveren fieis de corpo e de espírito¹⁶ (16), manténdose totalmente alleos a toda forma de adulterio e de divorcio¹⁷.

10. O verdadeiro cultivo do amor conxugal e a estrutura toda da vida familiar, sen subestima-los demais fins do Matrimonio, tenden precisamente a capacita-los esposos cristiáns para que, con fortaleza de espírito, cooperen co amor do Creador e Salvador, que por medio deles dilata e enriquece día a día a súa familia¹⁸. Así, confiando na divina Providencia e cultivando o espírito de sacrificio¹⁹, glorifican o Creador e tenden á perfección en Cristo cando, con xenerosa, humana e cristiá responsabilidade cumpren a súa misión procreadora²⁰.

11. E Deus, que chamou ós esposos ó Matrimonio, segue a chamalos no Matrimonio²¹. Os que casan en Cristo gozan do don, na fe da palabra de Deus, de celebrar con froito, de vivir sen artificio e testemuñar diante de todos o misterio da unión de Cristo e a Igrexa. O Matrimonio, desexado, preparado, celebrado e vivido día a día na luz da fe, é aquel "que a Igrexa realiza, que a entrega confirma, que a bendición referenda, que os anxos proclaman, que o Pai ratifica...

¹⁰ *Ibid.*, núm. 48.

¹¹ Cf. Xoán Paulo II, Exhortación apostólica *Familiaris consortio*, núm.13: AAS 74 (1982), p.95; Concilio Vaticano II, Constitución pastoral *Gaudium et spes*, sobre a Igrexa no mundo actual, núm. 48.

¹² Cf. *Código de Dereito Canónico*, can. 1055, 2.

¹³ Cf. Ef 5, 25.

¹⁴ Cf. 1 Co 7, 7; Concilio Vaticano II, Constitución dogmática *Lumen Gentium*, sobre a Igrexa, núm. 11.

¹⁵ Cf. Ef 5, 25.

¹⁶ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución pastoral *Gaudium et spes*, sobre a Igrexa no mundo actual, núms. 48 e 50

¹⁷ Cf. *ibid.*, núm. 49.

¹⁸ Cf. *ibid.*, núm. 50.

¹⁹ Cf. 1 Co 7, 5.

²⁰ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución pastoral *Gaudium et spes*, sobre a Igrexa no mundo actual, núm. 50.

²¹ Cf. Xoán Paulo II, Exhortación apostólica, *Familiaris consortio*, núm. 51: AAS 74 (1982), p.143.

¡Que vínculo entre dous fieis, cunha mesma esperanza, unha mesma norma, unha idéntica obediencia! Ámbolos dous irmáns, un e outro vivindo un para o outro, sen diferenza no espírito e na carne. Verdadeiramente dous nunha soa carne; alí existe unha soa carne e un único espírito"²².

II

OFICIOS E MINISTERIOS

12. A preparación e a celebración do Matrimonio, principalmente no relativo ós noivos e ás súas familias, corresponde, en virtude da cura pastoral, ó Bispo, ó párroco e ós seus vicarios parroquiais, e, en certo modo, tamén a toda a comunidade eclesial²³.

13. Tendo en conta as normas e orientacións pastorais establecidas pola Conferencia dos Bispos para a preparación dos noivos ou sobre o coidado pastoral do Matrimonio, correspóndelle ó Bispo moderar en toda a diocese a celebración e o coidado pastoral do Sacramento, organizando a asistencia ós fieis cristiáns para que manteñan con espírito cristián a alianza matrimonial e progresen en perfección²⁴.

14. Os pastores de almas procurarán que a propia comunidade colabore nesta tarefa, especialmente:

1) coa predicación, coa catequese axeitada ós nenos, ós mozos e ós adultos, e incluso empregando os medios de comunicación social, para que deste xeito os fieis cristiáns adquiran formación sobre o significado do Matrimonio cristián e sobre a misión dos cónxuxes e dos pais cristiáns;

2) coa preparación persoal para celebra-lo Matrimonio, que disporá os noivos á santidade e ás obrigas do seu novo estado;

3) coa proveitosa celebración litúrxica do Matrimonio, que saliente ante a comunidade que os cónxuxes significan e participan no misterio da unidade e do amor fecundo entre Cristo e a Igrexa;

4) coa axuda prestada ós casados, para que, mantendo e defendendo fielmente a alianza conxugal, alcancen, día a día, maior santidade e plenitude no desenvolvemento da vida familiar²⁵.

15. Convén que de antemán se lles comunique ós noivos que é necesario un tempo suficiente para unha axeitada preparación ó Matrimonio.

16. Os pastores, movidos polo amor de Cristo, acollan os noivos e coiden, sobre todo, de alentar e alimenta-la súa fe: “o sacramento do Matrimonio, loxicamente, supón e esixe a fe”²⁶.

17. Mediante os fundamentos da doutrina cristiá (cf. núms. 1-11), recordados

²² TERTULIANO, *Ad uxorem*, II, VIII: CCLI, p.393.

²³ Cf. Xoán Paulo II, Exhortación apostólica *Familiaris consortio*, núm. 66: AAS 74 (1982), pp. 159-162.

²⁴ Cf. *ibid.*, núm. 66; *Código de Dereito Canónico*, cáns. 1063-1064.

²⁵ Cf. *Código de Dereito Canónico*, can. 1063.

²⁶ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 59.

oportunamente ós noivos, ofrézaselles unha catequese sobre a doutrina acerca do Matrimonio e da familia, do sacramento e dos seus ritos, oracións e lecturas, de xeito que poidan celebralo consciente e proveitosamente.

18. Os católicos que aínda non teñan recibido o sacramento da confirmación deben recibilo antes de ser admitidos ó Matrimonio, se isto é posible sen grave inconveniente, co fin de completa-la iniciación cristiá. Recoméndase ós noivos que na preparación do sacramento do Matrimonio reciban, se é necesario, o sacramento da Penitencia e se acheguen á sagrada Eucaristía, sobre todo na mesma celebración do Matrimonio²⁷.

19. Antes de que se celebre o Matrimonio debe constar que nada se opón á súa celebración válida e lícita²⁸.

20. Os pastores, ó face-la preparación, esforzaranse por evanxelize-la á luz da fe sobre o mutuo e auténtico amor entre os noivos, tendo en conta a maneira de pensar do pobo acerca do Matrimonio e da familia. Mesmo aquelas cousas que son requiridas polo dereito para contraer Matrimonio válido e lícito poden servir para promover nos noivos unha fe viva e un amor fecundo, coa vista posta na formación da familia cristiá.

21. Cando, a pesar dos esforzos feitos, os noivos manifestan de maneira clara e explícita que rechazan o que a Igrexa realiza cando se celebra o Matrimonio entre bautizados, o pastor de almas non pode admitilos á celebración. E, aínda que non sexa agradable, ten a obriga de acepta-la realidade e facerlles comprender ós interesados que non é a Igrexa, senón eles mesmos, os que nestas circunstancias impiden a celebración que, a pesar de todo, solicitan²⁹.

22. Respecto ó Matrimonio, máis dunha vez se dan casos especiais como é o Matrimonio cun bautizado non católico, cun catecúmeno, cun non bautizado, ou tamén cun que rexeitou explicitamente a fe católica. Os que exercen a cura pastoral terán presentes as normas da Igrexa para estes casos e, se as circunstancias o recomendan, recorrerán á autoridade competente.

23. Cómpre que o mesmo presbítero que prepara ós noivos faga a homilía na celebración do sacramento, reciba o consentimento e celebre a Misa.

24. Tamén lle corresponde ó diácono, unha vez recibida a facultade do párroco ou do Ordinario do lugar, presidi-la celebración do sacramento³⁰, e tamén a bendición nupcial.

25. Cando non haxa sacerdotes nin diáconos, o Bispo diocesano, logo da votación favorable da Conferencia Episcopal e obtida a licencia da Sé Apostólica, pode delegar ós laicos para que asistan ó Matrimonio. Escollerase un laico axeitado, capaz de instruí-los cónxuxes e apto para celebrar debidamente a liturxia matrimonial³¹, pedi-lo consentimento dos esposos e recibilo no nome da Igrexa³².

²⁷ Cf. *Código de Dereito Canónico*, can. 1065.

²⁸ Cf. *ibid.*, can. 1066.

²⁹ Cf. Xoán Paulo II, Exhortación apostólica *Familiaris consortio*, núm. 68: AAS 74 (1982), p.165.

³⁰ Cf. *Código de Dereito Canónico*, can. 1111.

³¹ Cf. *Código de Dereito Canónico*, can. 1112.

³² Cf. *ibid.*, can. 1108, 2.

26. Outros laicos poden tomar parte de diferente maneira, tanto na preparación espiritual dos noivos coma na mesma celebración do rito. Cómpre que toda a comunidade cristiá coopere na profesión de fe, sendo signo ante o mundo do amor de Cristo.

27. O Matrimonio ha celebrarse na parroquia dun calquera dos dous contraentes, ou noutro lugar con licencia do Ordinario ou do párroco propios³³.

III

CELEBRACIÓN DO MATRIMONIO

PREPARACIÓN

28. Posto que o Matrimonio está ordenado ó incremento e santificación do pobo de Deus, a súa celebración presenta unha índole comunitaria, que aconsella a participación tamén da comunidade parroquial, polo menos por medio dalgúns dos seus membros. Tendo en conta os costumes de cada lugar e se parece oportuno, poden celebrarse varios matrimonios a un tempo e realizarse a celebración do sacramento na asemblea do domingo.

29. A mesma celebración do sacramento débese preparar coidadosamente, cos mesmos noivos, en canto sexa posible. O Matrimonio celebrarase normalmente dentro da Misa. Non obstante, o párroco, atendendo tanto ás necesidades do coidado pastoral coma ó xeito como participan na vida da Igrexa os noivos ou os asistentes, vulgará se é mellor propoñe-la celebración do Matrimonio dentro ou fóra da Misa³⁴. Se parece oportuno, escolleranse coa colaboración dos mesmos noivos as lecturas da Sagrada Escritura que serán explicadas na homilía; a fórmula coa que expresarán o mutuo consentimento; os formularios para a bendición dos aneis, para a bendición nupcial, para as intencións da pregaría universal e para os cantos. Ademais, terase en conta a utilización axeitada das variacións previstas no rito, así coma os costumes locais, que se poderán conservar sempre que pareza oportuno.

30. Os cantos serán axeitados ó rito do Matrimonio e expresarán a fe da Igrexa, sen esquecer-la importancia do salmo responsorial na liturxia da palabra. O que se di dos cantos vale tamén para a selección das obras musicais.

31. Cómpre que se exprese de maneira conveniente a índole festiva da celebración do Matrimonio, incluso no adobío da igrexa. Sen embargo, os Ordinarios vixiarán para que, fóra dos honores debidos ás autoridades civís de acordo coas leis litúrxicas, non se faga ningún distingo de persoas privadas ou de clases sociais³⁵.

32. Se o Matrimonio se celebra nun día de carácter penitencial, sobre todo en tempo de Coresma, o párroco advertirá ós esposos que teñan en conta a natureza especial daquel día. Evitarase totalmente a celebración do Matrimonio no Venres Santo da Paixón do Señor e no

³³ Cf. *ibid.*, can. 1115.

³⁴ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada Liturxia, núm. 78.

³⁵ Cf. *ibid.*, núm. 32.

Sábado Santo.

RITO QUE SE DEBE EMPREGAR

33. Na celebración do Matrimonio dentro da Misa empregárase o rito descrito no capítulo I. Na celebración sen Misa o rito farase despois da liturxia da palabra, como se indica no capítulo II.

34. Sempre que o Matrimonio se celebre dentro da Misa, empregárase, con vestiduras sagradas de cor branca ou festiva, a Misa ritual "polos esposos". Se concorre algún dos días sinalados nos números 1-4 da táboa dos días litúrxicos, empregárase a Misa do día coas súas lecturas, conservando nela a bendición nupcial e, se parece oportuno, a fórmula propia da bendición final.

Non obstante, se durante o tempo de Nadal ou o tempo ordinario a Misa na que se celebra o Matrimonio en domingo é participada pola comunidade parroquial, emprégase a Misa do domingo.

Sen embargo, dado que a liturxia da palabra adaptada á celebración do Matrimonio ten unha grande eficacia para a catequese sobre o Matrimonio en si mesmo e sobre as funcións dos cónxuxes, cando non se di a Misa "polos esposos", unha das lecturas pode collerse dos textos previstos para a celebración do Matrimonio³⁶.

35. Destacaranse os principais elementos da celebración do Matrimonio, a saber, a liturxia da palabra, na que se salienta a importancia do Matrimonio cristián na historia da salvación e as súas funcións e obrigas no que se refire a procura-la santificación dos cónxuxes e dos seus fillos; o consentimento dos contraentes, que pide e recibe o que asiste a el; aquela venerable oración na que se invoca a bendición de Deus sobre a esposa e o esposo; finalmente, a comunión eucarística de ámbolos dous esposos e dos demais presentes, coa cal se alimenta sobre todo a mutua caridade e se elevan á comunión co Señor e cos outros³⁷.

36. Se o Matrimonio se realiza entre unha parte católica e unha parte bautizada non católica, debe empregarse o rito da celebración do Matrimonio sen Misa³⁸; pero, se o caso o permite, e co consentimento do Ordinario do lugar, pode empregarse o rito da celebración do Matrimonio dentro da Misa³⁹; no referente á admisión da parte non católica á comunión eucarística, observaranse as normas dictadas para os diversos casos⁴⁰. Se o Matrimonio se celebra entre unha parte católica e unha parte catecúmena ou non cristiá, botarase man do rito que se atopa máis adiante⁴¹, empregando as variacións previstas para os diversos casos.

37. Aínda que os pastores son ministros do Evanxeo de Cristo en favor de todos, gardarán

³⁶ Cf. *Ordo celebrandi Matrimonium*, nums. 179-222.

³⁷ Cf. Concilio Vaticano II, Decreto *Apostolicam actuositatem*, sobre o apostolado dos leigos, núm. 3; Constitución dogmática *Lumen gentium*, sobre a Igrexa, núm. 12.

³⁸ Cf. *Ordo celebrandi Matrimonium*, núms. 79-117.

³⁹ Cf. *ibid.*, núms. 45-78.

⁴⁰ Cf. *Código de Dereito Canónico*, can. 844.

⁴¹ Cf. *Ordo celebrandi Matrimonium*, núms. 152-177.

unha cautela especial con aquelas persoas que, sendo católicas ou non, nunca ou case nunca participan na celebración do Matrimonio ou da Eucaristía. Esta norma pastoral vale en primeiro lugar para os mesmos esposos.

38. Ademais do requirido para a celebración da Misa, se o Matrimonio se celebra dentro da Misa, prepararase no presbiterio o Ritual Romano e os aneis para os esposos. Prepararanse tamén, se é do caso, un recipiente con auga bendita e o aspersionario, así como tamén un cáliz grande abondo para a comunión coas dúas especies.

IV

ADAPTACIÓNS QUE DEBEN PREPARA-LAS CONFERENCIAS DOS BISPOS

39. Compételles ás Conferencias dos Bispos, de acordo coa Constitución sobre a sagrada Liturxia⁴², acomodar este Ritual Romano ós costumes e necesidades características de cada rexión, de xeito que, unha vez revisadas as actas pola Sé Apostólica, se aplique ás rexións de que se trata.

40. Nesta materia, será competencia das Conferencias dos Bispos:

- 1) Defini-las adaptacións de que se fala posteriormente (cf. núms. 41-44).
- 2) Se as circunstancias o demandan, adaptar e completa-las Observacións que figuran no Ritual Romano a partir do número 36 e seguintes ("Rito que se debe empregar"), para facer que a participación dos fieis sexa consciente e activa.
- 3) Prepara-las traducións dos textos, de xeito que se acomoden realmente á índole das diversas linguas e á maneira de ser das diversas culturas, engadindo, sempre que sexa oportuno, melodías aptas para o canto.
- 4) Cando se preparan as edicións, ordena-la materia da maneira máis axeitada para o uso pastoral.

41. Cando se preparen as adaptacións, terase en conta o seguinte:

- 1) As fórmulas do Ritual Romano pódense adaptar ou, se o caso o require, completar (incluso as preguntas antes do consentimento e as mesmas palabras do consentimento).
- 2) Cando o Ritual Romano presente varias fórmulas para escoller, permítese engadir outras fórmulas do mesmo xénero.
- 3) Mantendo a estrutura do rito sacramental, pode acomodarse a orde das partes. Se parece máis oportuno, as preguntas antes do consentimento poden omitirse, salvando sempre a norma de que quen asiste pida e reciba o consentimento dos contraentes.
- 4) Se a necesidade pastoral o esixe, pódese determinar que o consentimento dos contraentes se pida sempre preguntando.
- 5) Rematada a entrega dos aneis, tendo en conta os costumes do lugar, pode procederse á coroación da esposa ou á velación dos esposos.
- 6) Se nalgún lugar o feito de se da-la man ou a bendición e entrega dos aneis é incompatible coa maneira de ser dos pobos, pode determinarse a supresión destes ritos ou que sexan substituídos por outros.

⁴² Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núms. 37-40 e 63, b.

7) Considerarase con atención e prudencia que é o que pode admitirse das tradicións e xeito de ser de cada pobo.

42. Ademais, cada Conferencia dos Bispos ten a facultade de redactar un rito propio do casamento, de acordo co que di a Constitución sobre a sagrada Liturxia⁴³, adaptado ós usos dos lugares e pobos, coa aprobación das actas por parte da Sé Apostólica, quedando a salvo a norma de que quen asiste pida e reciba o consentimento dos contraentes⁴⁴, e de que se imparta a bendición nupcial⁴⁵. O rito propio debe ir precedido tamén das Observacións que contén o Ritual Romano⁴⁶, agás o que se refire ó rito que se debe empregar.

43. No referente ós usos e xeitos de celebra-lo Matrimonio que están en vigor nos pobos acabados de evanxelizar, examínase comprensivamente todo o que sexa honesto e non estea mesturado de maneira inseparable con supersticións e erros e, se é posible, consérvase íntegramente tal cal, aínda máis, admitírase tamén na mesma Liturxia, coa condición de que concorde coa índole do verdadeiro e auténtico espírito litúrxico⁴⁷.

44. Naqueles pobos nos que hai o costume de que nas casas se teñan certas cerimoniais matrimoniais, incluso durante varios días, cómpre adaptalas ó espírito cristián e á Liturxia. Neste caso, a Conferencia dos Bispos pode establecer, segundo as necesidades pastorais dos pobos, que o mesmo rito do sacramento se celebre nas casas.

⁴³ Cf. *ibid.*, núm. 63, b.

⁴⁴ Cf. *ibid.*, núm. 77.

⁴⁵ Cf. *ibid.*, núm. 78.

⁴⁶ Cf. *ibid.*, núm. 63, b.

⁴⁷ Cf. *ibid.*, núm. 37.

CAPÍTULO I

RITO DA CELEBRACIÓN DO MATRIMONIO DENTRO DA MISA

Ritos Iniciais

Primeira forma

45. Á hora que se acordou, o sacerdote, revestido coa alba, a estola e a casula da cor que lle corresponde á Misa que se celebra (de branco, se se di a "Misa polos esposos"), vai cos ministros á porta da igrexa e alí saúda os noivos, manifestándolles que a Igrexa se sente partícipe da súa lelicia.

46. Despois faise a procesión cara ó altar: irán diante os ministros, logo o sacerdote e despois os noivos que, segundo os costumes de cada sitio, poden ir solemnemente acompañados ó lugar preparado para eles cando menos polos pais e dúas testemuñas. Nese momento dise o cántico de entrada.

47. Cando chega ó altar, o sacerdote fai unha inclinación profunda e venéao cun bico. Feito isto, diríxese á sé.

Segunda forma

48. Á hora que se acordou, o sacerdote, revestido coa alba, a estola e a casula da cor que lle corresponde á Misa que se celebra, vai cos ministros ó lugar preparado para os noivos ou á sé.

49. Cando os noivos chegan ó seu lugar, o sacerdote saúdaos, manifestándolles que a Igrexa se sente partícipe da súa lelicia.

50. Despois, mentres se fai o cántico de entrada, vai cara ó altar, fai unha inclinación profunda e venéao cun bico. Feito isto, diríxese á sé.

51. Entón, feito o sinal da cruz, saúda os presentes cunha das fórmulas propostas polo Misal Romano.

52. Despois diríxese ós noivos e ós presentes co fin de dispoñe-los seus ánimos á celebración do Matrimonio, con estas ou semellantes palabras:

Cheos de ledicia, xuntámonos na casa do Señor,
meus queridos irmáns,
para esta celebración no día no que N. N.
aquí presentes,
van comeza-la edificación do seu fogar.
Para eles é un momento senlleiro e importante.
Agardan o noso cariño, a nosa amizade
e ademais a axuda da nosa pregaría fraterna.
Escoitemos con atención a palabra
coa que hoxe Deus nos fala, a eles e a todos nós.
Pidamos suplicantes, na unidade da Igrexa santa,
por intercesión do noso Señor Xesucristo,
que Deus, noso Pai, acolla benigno, bendiga e xunte para sempre
estes noivos, fillos seus.

53. ou

N. e N., a Igrexa comparte a vosa alegría
e acóllevos con todo o corazón,
en compañía dos vosos pais e dos vosos amigos,
no día en que, diante de Deus, noso Pai,
vos xuntades para toda a vida.
¡Que vos escoite o Señor
no día da vosa alegría
e derrame o don do ceo
que vos protexa!
¡Que acolla as pregarías do voso corazón!

Omítese o acto penitencial.

54. Se está permitido, dise a Misa “Polos esposos”, con lecturas propias. Polo contrario, naqueles días, sinalados cos nn. 1 ó 4 na táboa dos días litúrxicos, dise a Misa do día, mantendo, sen embargo, a bendición "sobre os esposos" e, se convén, a bendición propia ó final da Misa. Se o Matrimonio se celebra no domingo, na Misa parroquial, dise a Misa do día, aínda nos domingos do tempo do Nadal e nos do "tempo ordinario".

Oración Colecta

Deus, noso Pai,
cando creáche-la humanidade,
determináche-la unión do home e a muller.
Mantén na fidelidade ós que se van unir en alianza matrimonial.
Ti, que lles concéde-la fecundidade do amor,
fai que dean exemplo del ante o mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Outras oracións, nos nn. ***.

Liturxia da palabra

55. A liturxia da palabra faise de acordo coas rúbricas. Pódense ler tres lecturas, das que a primeira debe ser do Antigo Testamento e, no tempo de Pascua, do Apocalipse (núms. ***). Escóllase sempre polo menos unha lectura que fale explicitamente do Matrimonio.

56. Cando non se di a Misa ritual "Polos esposos", pódese tomar unha das lecturas que se propoñen no Leccionario para a mesma Misa, agás nos días sinalados nos números 1 ó 4 da táboa dos días litúrxicos.

Aquí propóñense lecturas que falan da importancia e dignidade do Matrimonio no misterio da salvación.

PRIMEIRA LECTURA

Creounos varón e muller

Lectura do libro da Xénese

1, 26-28. 31a

Dixo Deus: -Imos face-lo home á nosa imaxe e á nosa semellanza, e que mande nos peixes do mar, nos paxaros do ceo, nos animais domésticos e nos réptiles todos da terra.

E creou Deus o home á súa imaxe, creouno á imaxe de Deus, creouno varón e muller.

E bendíxoos así: -Reproducídevos, creced, enchede a terra e sometédea. Mandade nos peixes do mar, nos paxaros do ceo e nos réptiles todos da terra.

Viu Deus canto fixera e era de verdade moi bo.

Palabra do Señor.

SALMO RESPONSORIAL

Sal 127 (128), 1-2. 3. 4-5ac e 6a (R. 4).

R.: Así é bendito quen teme ó Señor.

Ditosos os que temen ó Señor
os que seguen os seus camiños.
Comerás do traballo das túas mans,
serás ditoso, serás afortunado.

A túa muller coma parra fecunda
no interior da túa casa;
os teus fillos coma gromos de oliveira
arredor da túa mesa.

Así será bendito
o home que teme ó Señor.
Que o Señor te bendiga desde Sión,
tódolos días da túa vida,

que véxa-los fillos de teus fillos.

SEGUNDA LECTURA

*Grande misterio é este;
e eu refíroo a Cristo e á Igrexa*

Lectura da Carta de san Paulo apóstolo ós Efesios

5, 2a. 25-32

Irmáns:

Camiñade no amor, igual ca Cristo, que vos amou e que se entregou por nós

Homes, amade as vosas mulleres, como tamén Cristo amou a Igrexa e se entregou por ela para santificala, purificándoa co baño de auga na palabra, e para presentala deste xeito diante de si, radiante, sen lixo nin engurra nin cousa polo estilo senón santa e inmaculada.

Así deben tamén os maridos ama-las súas mulleres coma os seus propios corpos. Quen ama a súa muller, ámase a si mesmo, porque ninguén odiou endexamais a súa propia carne senón que a mantén e a quece, como fai Cristo coa Igrexa, porque somos membros do seu corpo.

“Por iso deixará o home a seu pai e máis a súa nai e unirase á súa muller e serán os dous un único ser”. Grande misterio é este e eu refíroo a Cristo e á Igrexa.

Palabra do Señor.

ALELUIAS E VERSOS ANTES DO EVANXEO

Cf. Sal 133 (134), 3

R. Aleluia
Bendígavos o Señor desde Sión,
que fixo o ceo e maila terra
R. Aleluia

Ou, no tempo da Coresma

Cf. 1 Xn 4, 16b.12.11

R. Cantade a Deus, a nosa forza.
Deus é amor;
amémonos uns ós outros,
como Deus nos amou
R. Cantade a Deus, a nosa forza.

EVANXEO

O que Deus xuntou, que non o separe o home

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo

19, 3-6

Naquel tempo:

Chegaron onda Xesús uns fariseos e preguntáronlle para poñéreno a proba: -¿É lícito repudia-la muller por un motivo calquera?

El respondeu: -¿Seica non sabedes que o Creador os fixo varón e muller desde o

principio, e que dixo: “Por iso deixará o home a seu pai e máis a súa nai, unirase coa súa muller, e serán os dous unha soa carne”? De xeito que xa non son dous, senón unha soa carne. Polo tanto, o que Deus xuntou, que non o separe o home.

Palabra do Señor.

Ou ben :

*Foi así como fixo Xesús o primeiro dos signos
en Caná de Galilea*

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán

2, 1-11

Naquel tempo, houbo un casamento en Caná de Galilea, e estaba alí a nai de Xesús. Tamén foi convidado Xesús e mailos seus discípulos ó casamento.

Chegou a falta-lo viño e a nai de Xesús díxolle:

-Non che teñen viño.

Replicoulle Xesús:

-Muller ¿que ten que ver iso comigo e contigo? Aínda non chegou a miña hora.

Súa nai díxolles entón ós servidores:

-Facede o que el vos diga.

Había alí seis tinas de pedra para as purificacións dos xudeus, que levaban ó pé de cen litros cada unha.

E ordenoulles Xesús:

-Enchede de auga as tinas.

Eles enchéronas de todo.

Díxolles entón:

-Collede agora e levádelle a proba ó mestresala.

Eles levárona. E, cando o mestresala probou a auga volta viño, sen saber de onde viña (os servidores si que o sabían, que eles colleran a auga) falou co noivo e díxolle:

-Todo o mundo pon de primeiras o viño bo e, cando xa están bébedos, o máis cativo; ti, en troques, deixáche-lo viño bo para agora.

Foi así como fixo Xesús o primeiro dos signos en Caná de Galilea; manifestou a súa gloria, e creron nel os seus discípulos.

Palabra do Señor.

57. Despois da lectura do Evanxeo, o sacerdote expoñerá na súa homilía, partindo do texto sagrado, o misterio do Matrimonio cristián, a dignidade do amor matrimonial, a gracia do sacramento e as obrigas dos esposos, tendo ademais en conta as peculiares circunstancias das persoas.

Celebración do Matrimonio

58. Dada a importancia do consentimento, cando se celebren no mesmo acto dous ou máis matrimonios, o "escrutinio", o "consentimento" e a súa "recepção" hanse facer un a un para cada matrimonio, o demais, mesmo a bendición "sobre os esposos", dise, en número plural, dunha vez para tódolos matrimonios.

59. Estando todos de pé, incluídos os noivos, dispostas para isto as testemuñas, o sacerdote fálalles ós noivos dun xeito semellante ó que segue:

Benqueridos irmáns:
 Acudistes a este templo santo,
 para que a vosa intención de contraer Matrimonio
 fose confirmada polo Señor
 co seu selo sagrado,
 diante do ministro da Igrexa e da comunidade eclesial.
 Cristo bendí abondosamente o voso amor
 e con este sacramento
 fortalece e enche de gracia
 ós que xa consagrara polo santo Bautismo,
 para que vos aceptedes sempre na mutua fidelidade
 e manteñáde-los demais compromisos do Matrimonio.
 Por todo isto, diante da Igrexa,
 eu preguntovos pola vosa disposición:

Escrutinio

60. Logo o sacerdote preguntalles pola liberdade, a fidelidade, a crianza e maila educación dos fillos.

Celebrante:N. e N., ¿Viñestes aquí contraer Matrimonio sen vos sentir forzados, senón máis ben con enteira liberdade?

Os noivos: Viñemos.

Celebrante:¿Estades dispostos, cumprindo cos vosos deberes matrimoniais, a querervos un ó outro e a gardarvos respecto mutuo ó longo de toda a vosa vida?

Os noivos: Estamos.

A seguinte pregunta pódese omitir, se as circunstancias o aconsellan; no caso, por exemplo, no que os noivos sexan xa entrados en anos.

Celebrante:¿Estades dispostos a recibir agarimosamente os fillos que Deus vos queira dar e tamén a educalos segundo a lei de Cristo e a doutrina da súa Igrexa?

Os noivos: Estamos.

O Consentimento

61. O sacerdote invita os noivos a manifesta-lo seu consentimento.

Celebrante:Como traedes a intención de contraer Matrimonio, dádevo-la man e así manifestade o voso consentimento diante de Deus e da súa Igrexa.

Os noivos danse a man dereita.

62. O home di:

Eu, N., acóllote a ti, N., por muller miña e prometo que che hei ser sempre fiel, tanto na alegría coma na adversidade, tanto na saúde coma na enfermidade, téndoche amor e respecto tódolos días da miña vida.

A muller di:

Eu, N., acóllote a ti, N., por marido meu e prometo que che hei ser sempre fiel, tanto na alegría coma na adversidade, tanto na saúde coma na enfermidade, téndoche amor e respecto tódolos días da miña vida.

63. Se por razóns pastorais se considera máis conveniente, o celebrante pódelles pedi-lo consentimento ós noivos con esta fórmula:

Pregúntalle primeiro ó noivo:

N. ¿queres acoller a N. por muller túa e prometes que lle has ser sempre fiel tanto na alegría coma na adversidade, tanto na saúde coma na enfermidade, téndolle amor e respecto tódolos días da túa vida?

Noivo: Si, quero.

Pregúntalle despois á noiva:

N. ¿queres acoller a N. por marido teu e prometes que lle has ser sempre fiel tanto na alegría coma na adversidade, tanto na saúde coma na enfermidade, téndolle amor e respecto tódolos días da túa vida?

Noiva: Si, quero.

Recepción do consentimento**64.** O sacerdote, despois de recibir-lo consentimento di:

Que Deus, Noso Pai,

lle dea firmeza ó consentimento
que acabades de manifestar diante da Igrexa
e vos conceda a plenitude da súa bendición.
O que Deus xuntou, que non o separe o home.

Ou:

O Deus de Abrahán, Deus de Isaac e Deus de Xacob,
o Deus que uniu os nosos primeiros pais no paraíso,
bendiga e confirme en Cristo o voso consentimento

que acabades de manifestar diante da Igrexa,
para que o que El xuntou, non o separe o home.

65. Entón o sacerdote invita os fieis a loar a Deus.

Bendigamos ó Señor.

R. Deámoslle gracias a Deus.

Bendición e entrega dos aneis

66. O celebrante di:

O Señor bendiga + estes aneis
que vos ides entregar un ó outro
como sinal de que vos tendes amor
e de que sempre vos gardaredes mutua fidelidade.

R. Amén.

Outras fórmulas de bendición dos aneis, nos nn. ***.

Asperxe os aneis coa auga bendita, se lle parece oportuno, e dállelos ós esposos.

67. O esposo ponlle á esposa o anel no dedo anular da man dereita, dicindo segundo conveña:

Esposo:N., toma este anel como unha mostra do amor que che teño e da fidelidade que che hei de gardar. No nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Tamén a esposa lle pon ó esposo o seu anel no dedo anular da man dereita, dicindo, segundo conveña:

Esposa:N., toma este anel como unha mostra do amor que che teño e da fidelidade que che hei de gardar. No nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

67bis. Se hai o costume de entrega-las arras, o sacerdote di:

Bendí + , Señor, estas arras que N. e N. se entregan,
e manda sobre elas a abundancia dos teus bens.

O esposo colle as arras e entrégallas á esposa, dicindo:

N., colle estas arras como peñor da bendición de Deus
e signo dos bens que xuntos imos compartir.

A esposa colle as arras e entrégallas ó esposo, dicindo:

N., colle estas arras como peñor da bendición de Deus
e signo dos bens que xuntos imos compartir.

68. Entón a comunidade pode entoar un himno ou un canto de loanza.

Oración dos fieis

69. Dise logo a oración universal ou oración dos fieis, coma de costume (véxanse outros exemplos que se propoñen nos nn. ***).

Oremos, irmáns, polas necesidades da santa Igrexa e de todo o mundo, e encomendemos especialmente ós nosos irmáns N. e N., que veñen de celebra-lo seu Matrimonio.

- 1.-Pola santa Igrexa: para que Deus lle conceda ser sempre a esposa fiel de Xesucristo.
Roguémoslle ó Señor.
- 2.-Pola paz de todo o mundo: para que cesen as ambicións, desaparezan as inxustizas e inimizades e agromen por todas partes o amor e a paz.
Roguémoslle ó Señor.
- 3.-Polos novos esposos N e N.: para que o Espírito Santo os encha coa súa gracia e faga da súa unión un signo vivo do amor de Xesucristo pola súa Igrexa.
Roguémoslle ó Señor.
- 4.-Polo noso irmán N.: para que sexa sempre fiel ó Señor como Abrahán e admirable pola súa piedade e honradez como Tobías.
Roguémoslle ó Señor.
- 5.-Pola nosa irmá N.: para que sexa sempre irrepreensible na súa conducta, brille pola súa pureza, humildade e prudencia.
Roguémoslle ó Señor.
- 6.-Por tódolos fogares da terra, por tódolos casados, os pais e os fillos, polos vellos e os orfos, polas familias que non teñen fogar ou carecen dos recursos necesarios, e polos casados que viven separados.
Roguémoslle ó Señor.
- 7.-Polos membros das nosas familias que morreron na esperanza da resurrección: para que Cristo os acolla no seu reino e os vista de gloria e de inmortalidade.
Roguémoslle ó Señor.

Escoita, Pai de bondade,
a nosa oración e concédelles ós teus servos,
que confían en ti, conseguí-los dons da túa gracia,
conserva-lo amor na unidade
e chegar [coa súa descendencia],
despois desta vida, ó reino eterno.
Por Xesucristo, noso Señor.

R. Amén.

Despois dise o Credo, se as rúbricas o mandaren.

Liturxia eucarística

70. No ofertorio os esposos, segundo conveña, poden levar ata o altar as ofrendas do pan e do viño.

Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta a ofrenda que che presentamos
na celebración deste Matrimonio.
Ti, que e-lo autor desta unión,
gárdaa coa túa protección.
Por Cristo, noso Señor.

Outras oracións, nos nn. ***.

71. Na Pregaria Eucarística faise a memoria dos novos esposos conforme as fórmulas que se propoñen no Misal Romano (ou nos nn. ***).

Bendición dos esposos

72. Despois do “Noso Pai”, omítese o “Líbranos, Señor”, e o sacerdote, de cara ós esposos, invoca sobre eles a bendición de Deus, que nunca se deberá omitir.

Na invitación, as palabras entre parénteses pódense omitir, cando non comungan un dos esposos ou os dous.

No último parágrafo desta oración pódense omitir as palabras entre parénteses, se as circunstancias o aconsellan, por exemplo, se os esposos son de idade avanzada.

73. Os esposos acércanse ó altar ou, se parece oportuno, permanecen no seu lugar e póñense de xeonllos.

O sacerdote, coas mans xuntas, invita os fieis a orar:

Queridos irmáns, roguemos ó Señor que bendiga con bondade e encha coa súa gracia estes seus fillos que se uniron en Cristo. Que el (polo sacramento do Corpo e Sangue de Cristo) xunte nun só amor ós que uniu en alianza matrimonial.

Outras fórmulas, nos nn. 104. ***

Todos oran en silencio por uns instantes.

74. Despois o sacerdote, coas mans estendidas sobre os esposos, prosegue:

Deus, noso Pai,
co teu poder creaches todo da nada
e, unha vez disposto o universo,
formáche-lo home á túa imaxe.
Ti quixeches que o home e a muller

vivisen en compañía inseparable,
para que xa non fosen dous, senón un único ser.
Deste xeito ensináchesnos
que non se pode separar
o que ti determinaches que permanecese unido.

Deus, noso Pai,
ti consagráche-la alianza matrimonial
cun sacramento tan admirable
que a convertiches en símbolo
da unión de Cristo coa Igrexa.

Deus, noso Pai,
ti quixeches que o home e a muller vivisen unidos
e a súa unión, establecida desde o comezo,
enriquecíchela coa única bendición
que non foi anulada,
nin pola pena do pecado orixinal,
nin polo castigo do diluvio.

Olla agarimoso estes teus fillos;
que acaban de casar e piden a túa bendición,
derrama sobre eles a gracia do Espírito Santo,
para que, polo teu amor vertido nos seus corazóns,
permanezan fieis na alianza matrimonial.

A esta filla túa N.,
concédelle a gracia do amor e da paz
e fai que siga o exemplo das santas mulleres
que son loadas na Sagrada Escritura.

Que sempre confíe nela o corazón do seu marido,
que a recoñeza coma súa igual
e coherdeira da mesma gracia na vida,
que a trate co debido respecto
e a ame co mesmo amor
co que Cristo amou a súa Igrexa.

E agora, Señor, pedímosche
que estes teus fillos permanezan firmes
na fe e na obediencia ós teus mandados.
Que se garden fidelidade
e se distingan pola boa conducta.
Que, fortalecidos polo Evanxeo,
sexan un espello de vida cristiá.
(Que a súa unión sexa fecunda,
se comporten coma pais exemplares
e teñan a alegría de ve-los fillos dos seus fillos.)

E que despois dunha longa vida
alcancen a felicidade dos santos no reino do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Outras fórmulas para a bendición dos esposos, nos nn. ***.

75. De seguida, omitida a oración "Señor Xesucristo", dise "A paz do Señor sexa...". Entón os esposos e demais membros da comunidade asistente poden, do xeito máis oportuno, darse a paz amosando así o seu mutuo amor.

76. Os esposos e os demais asistentes poden recibila comunión baixo as dúas especies.

Oración despois da comunión

Señor, pola eficacia deste sacrificio,
acompaña coa túa gracia o Matrimonio que ti instituíches.
Ós que xuntaches cunha unión santa
(e alimentaches cun mesmo pan e un mesmo cáliz),
concédelles vivir sempre unidos no amor.
Por Cristo, noso Señor.

Outras oracións, nos nn. ***.

Rito de despedida

77. No remate da Misa, o sacerdote bendí os esposos e o pobo dicindo:

Celebrante: Deus, o Pai eterno,
vos manteña unidos no amor,
para que a paz de Cristo viva en vós
e permaneza sempre no voso lar.

Todos: Amén.

Celebrante: Que os vosos fillos sexan para vós unha bendición,
que goceades da compañía dos amigos
e vivades en paz con todo o mundo.

Todos: Amén.

Celebrante: Que sexades no mundo un espello do amor de Deus
para que os pobres e aflixidos
vos acollan un día agradecidos
na casa eterna do Pai.

Todos: Amén.

Celebrante: E a todos vós aquí reunidos
bendígvos Deus todopoderoso:

Pai, e Fillo, + e Espírito Santo.

Todos: Amén.

Outras bendicións de despedida, nos nn. ***.

78. Ó remata-la Misa o sacerdote e as testemuñas asinan a acta do Matrimonio. Isto pódese facer na sancristía ou diante do pobo; pero neste caso non se faga sobre o altar.

CAPÍTULO II

RITO DA CELEBRACIÓN DO MATRIMONIO FÓRA DA MISA

79. Cando por algunha necesidade, ou se é oportuno, ou tamén se preside a celebración un diácono⁴⁸, non se celebra a Misa, empregárase o rito que aquí se propón.

Ritos iniciais

Primeira forma

80. Á hora que se acordou, o sacerdote, revestido coa alba ou sobrepeliz e coa estola de cor branca ou tamén coa capa pluvial (ou dalmática para o diácono) da mesma cor, vai cos ministros á porta da igrexa; alí saúda ós noivos, manifestándolles que a Igrexa se sente partícipe da súa ledicia.

81. Despois faise a procesión cara ó altar: irán diante os ministros, logo o celebrante e despois os noivos que, segundo os costumes de cada sitio, poden ir solemnemente acompañados ó lugar preparado para eles, cando menos, polos pais e dúas testemuñas. Nese momento dise o cántico de entrada.

82. Cando chega ó altar, o ministro fai unha inclinación profunda e venérao cun bico. Feito isto, diríxese á sé.

Segunda forma

83. Á hora que se acordou, o sacerdote, revestido coa alba ou sobrepeliz e coa estola de cor branca ou tamén coa capa pluvial (ou dalmática para o diácono) da mesma cor, vai cos ministros ó lugar preparado para os noivos ou á sé.

84. Cando os noivos chegan ó seu lugar, o ministro saúdaos, manifestándolles que a Igrexa se sente partícipe da súa ledicia.

85. Despois, o ministro fai unha inclinación profunda ó altar e diríxese á sé.

⁴⁸ Proemio, núm. 24.

86. Entón, feito o sinal da cruz, saúda os presentes, dicindo:

A gracia e maila paz de Deus, noso Pai,
e de Xesucristo, noso Señor,
sexan con todos vós.

Ou outras palabras axeitadas, especialmente se se toman da Sagrada Escritura. E todos responden:

E contigo tamén.

Ou:

Bendito sexa Deus agora e sempre.

Ou outro modo axeitado.

87. Despois diríxese ós noivos e ós presentes co fin de dispoñe-los seus ánimos á celebración do Matrimonio, con estas ou semellantes palabras:

Cheos de ledicia, xuntámonos na casa do Señor,
meus queridos irmáns,
para esta celebración no día no que N. N.
aquí presentes,
van comeza-la edificación do seu fogar.
Para eles é un momento senlleiro e importante.
Agardan o noso cariño, a nosa amizade
e ademais a axuda da nosa pregaría fraterna.
Escoitemos con atención a palabra
coa que hoxe Deus nos fala, a eles e a todos nós.
Pidamos suplicantes, na unidade da Igrexa santa,
por intercesión do noso Señor Xesucristo,
que Deus, noso Pai, acolla benigno, bendiga e xunte para sempre
estes noivos, fillos seus.

88. Ou:

N. e N., a Igrexa comparte a vosa alegría
e acóllevos con todo o corazón,
en compañía dos vosos pais e dos vosos amigos,
no día en que, diante de Deus, noso Pai,
vos xuntades para toda a vida.
¡Que vos escoite o Señor
no día da vosa alegría
e derrame o don do ceo
que vos protexa!
¡Que acolla as pregarías do voso corazón!

89. Despois, coas mans estendidas, di esta oración:

Señor, escoita as nosas súplicas
e infunde con bondade a túa gracia nestes fillos teus.
Eles únense ante o teu altar,
fainos ti sempre firmes no amor que se prometen.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Outras oracións nos nn. ***.

Liturxia da palabra

90. Segue a liturxia da palabra, que se fai de acordo coas rúbricas, collendo os textos que se propoñen no núm. 56 ou outros de entre as lecturas que máis adiante se indican (nn. ***). Elíxase sempre polo menos unha lectura que fale explicitamente do Matrimonio.

91. Despois, o ministro expoñerá na súa homilía, partindo do texto sagrado, o misterio do Matrimonio cristián, a dignidade do amor matrimonial, a gracia do sacramento e as obrigas dos esposos, tendo ademais en conta as peculiares circunstancias das persoas.

Celebración do Matrimonio

92. Dada a importancia do consentimento, cando se celebren no mesmo acto dous ou máis matrimonios, o "escrutinio", o "consentimento" e a súa "recepção" hanse facer un a un para cada matrimonio, o demais, mesmo a bendición "sobre os esposos", dise, en número plural, dunha vez para tódolos matrimonios.

93. Logo, estando todos de pé, incluídos os noivos, dispostas para isto as testemuñas, o ministro fálalles ós noivos dun xeito semellante ó que segue:

Benqueridos irmáns:
Acudistes a este templo santo,
para que a vosa intención de contraer Matrimonio
fose confirmada polo Señor
co seu selo sagrado,
diante do ministro da Igrexa e da comunidade eclesial.
Cristo bendí abundantamente o voso amor
e con este sacramento
fortalece e enche de gracia
ós que xa consagrara polo santo Bautismo,
para que vos aceptedes sempre na mutua fidelidade
e manteñáde-los demais compromisos do Matrimonio.
Por todo isto, diante da Igrexa,
eu preguntovos pola vosa disposición:

Escrutinio

94. Logo o ministro pregúntalles pola liberdade, a fidelidade, a crianza e maila educación dos fillos.

Celebrante: N. e N., ¿Viñestes aquí contraer Matrimonio sen vos sentir forzados, senón máis ben con enteira liberdade?

Os noivos: Viñemos.

Celebrante: ¿Estades dispostos, cumprindo cos vosos deberes matrimoniais, a querervos un ó outro e a gardarvos respecto mutuo ó longo de toda a vosa vida?

Os noivos: Estamos.

A seguinte pregunta pódese omitir, se as circunstancias o aconsellan; no caso, por exemplo, de que os noivos sexan xa entrados en anos.

Celebrante: ¿Estades dispostos a recibir agarimosamente os fillos que Deus vos queira dar e tamén a educalos segundo a lei de Cristo e a doutrina da súa Igrexa?

Os noivos: Estamos.

O Consentimento

95. O ministro invita os noivos a manifesta-lo seu consentimento.

Celebrante: Como traedes a intención de contraer Matrimonio, dádevo-la man e así manifestade o voso consentimento diante de Deus e da súa Igrexa.

Os noivos danse a man dereita e din:

96. O home di:

Eu, N., acóllote a ti, N., por muller miña e prometo que che hei ser sempre fiel, tanto na alegría coma na adversidade, tanto na saúde coma na enfermidade, téndoche amor e respecto tódolos días da miña vida.

A muller di:

Eu, N., acóllote a ti, N., por marido meu e prometo que che hei ser sempre fiel, tanto na alegría coma na adversidade, tanto na saúde coma na enfermidade, téndoche amor e respecto tódolos días da miña vida.

97. Se por razóns pastorais se considera máis conveniente, o celebrante pódelles pedi-lo consentimento ós noivos con esta fórmula:

Pregúntalle primeiro ó noivo:

N. ¿queres acoller a N., por muller túa e prometes que lle has ser sempre fiel tanto na alegría coma na adversidade, tanto na saúde coma na enfermidade, téndolle amor e

respecto tódolos días da túa vida?

Noivo: Si, quero.

Pregúntalle despois á noiva:

N. ¿queres acoller a N., por marido teu e prometes que lle has ser sempre fiel tanto na alegría coma na adversidade, tanto na saúde coma na enfermidade, téndolle amor e respecto tódolos días da túa vida?

Noiva: Si, quero.

Recepción do consentimento

98. O ministro, despois de recibi-lo consentimento di:

Que Deus, Noso Pai,

lle dea firmeza ó consentimento
que acabades de manifestar diante da Igrexa
e vos conceda a plenitude da súa bendición.
O que Deus xuntou, que non o separe o home.

Ou:

O Deus de Abrahán, Deus de Isaac e Deus de Xacob,
o Deus que uniu os nosos primeiros pais no paraíso,
bendiga e confirme en Cristo o voso consentimento
que acabades de manifestar diante da Igrexa,
para que o que El xuntou, non o separe o home.

99. Entón o ministro invita os fieis a loar a Deus

Bendigamos ó Señor.

R. Deámoslle gracias a Deus.

Bendición e entrega dos aneis

100. O celebrante di:

O Señor bendiga + estes aneis
que vos ides entregar un ó outro
como sinal de que vos tendes amor
e de que sempre vos gardaredes mutua fidelidade.

R. Amén.

Outras fórmulas de bendición dos aneis, nos nn. ***.

Asperxe os aneis coa auga bendita, se lle parece oportuno, e dállelos ós esposos.

101. O esposo ponlle á esposa o anel no dedo anular da man dereita, dicindo segundo conveña:

Esposo:N., toma este anel como unha mostra do amor que che teño e da fidelidade que che hei de gardar. No nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Tamén a esposa lle pon ó esposo o seu anel no dedo anular da man dereita, dicindo, segundo conveña:

Esposa:N., toma este anel como unha mostra do amor que che teño e da fidelidade que che hei de gardar. No nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

101bis. Se hai o costume de entrega-las arras, o sacerdote di:

Bendí + , Señor, estas arras que N. e N. se entregan,
e manda sobre elas a abundancia dos teus bens.

O esposo colle as arras e entrégallas á esposa, dicindo:

N., colle estas arras como peñor da bendición de Deus
e signo dos bens que xuntos imos compartir.

A esposa colle as arras e entrégallas ó esposo, dicindo:

N., colle estas arras como peñor da bendición de Deus
e signo dos bens que xuntos imos compartir.

102. Entón a comunidade pode entoar un himno ou un canto de loanza.

Oración dos fieis

103. Dise logo a oración universal ou oración dos fieis, coma de costume (véxanse os exemplos que se propoñen nos nn. 69, *** e ***).

- a) primeiro o ministro invita os fieis a rezar;
- b) inmediatamente despois fanse as invocacións da Oración Universal coas correspondentes respostas do pobo, mais de xeito que cada unha das invocacións sexa congruente coa bendición que lle segue, evitando así a reduplicación;
- c) se non se vai distribuí-la sagrada Comunión, omitida a súplica conclusiva da oración universal, segue a Oración dominical. Logo, o ministro, tendo as mans estendidas bendí a esposa e mailo esposo.
- d) se se distribúe a sagrada Comunión, terminada a Oración Universal coa súplica

conclusiva, faise a bendición dos esposos.

Bendición dos esposos

- 104.** Os esposos permanecen no seu lugar e póñense de xeonllos.
O ministro, coas mans xuntas, invita os fieis a orar:

Invoquemos agora a bendición do Señor
sobre estes esposos
para que enriqueza co auxilio da súa gracia
os que santificou co sacramento do Matrimonio.

Outras fórmulas, nos nn. 73 e ***.
Todos oran en silencio por uns instantes.

- 105.** Despois o ministro, coas mans estendidas sobre os esposos, di a oración que segue.

No último parágrafo desta oración pódense omiti-las palabras entre parénteses, se as circunstancias o aconsellan, por exemplo, se os esposos son de idade avanzada.

Deus, noso Pai,
co teu poder creaches todo da nada
e, unha vez disposto o universo,
formáche-lo home á túa imaxe.
Ti quixeches que o home e a muller
vivisen en compañía inseparable,
para que xa non fosen dous, senón un único ser.
Deste xeito ensináchesnos
que non se pode separar
o que ti determinaches que permanecese unido.

Deus, noso Pai,
ti consagráche-la alianza matrimonial
cun sacramento tan admirable
que a convertiches en símbolo
da unión de Cristo coa Igrexa.

Deus, noso Pai,
ti quixeches que o home e a muller vivisen unidos
e a súa unión, establecida desde o comezo,
enriquecíchela coa única bendición
que non foi anulada,
nin pola pena do pecado orixinal,
nin polo castigo do diluvio.

Olla agarimoso estes teus fillos;
que acaban de casar e piden a túa bendición,
derrama sobre eles a gracia do Espírito Santo,

para que, polo teu amor vertido nos seus corazóns,
permanezan fieis na alianza matrimonial.

A esta filla túa N.,
concédelle a gracia do amor e da paz
e fai que siga o exemplo das santas mulleres
que son loadas na Sagrada Escritura.

Que sempre confíe nela o corazón do seu marido,
que a recoñeza coma súa igual
e coherdeira da mesma gracia na vida,
que a trate co debido respecto
e a ame co mesmo amor
co que Cristo amou a súa Igrexa.

E agora, Señor, pedímosche
que estes teus fillos permanezan firmes
na fe e na obediencia ós teus mandados.
Que se garden fidelidade
e se distinguan pola boa conducta.
Que, fortalecidos polo Evanxeo,
sexan un espello de vida cristiá.
(Que a súa unión sexa fecunda,
se comporten coma pais exemplares
e teñan a alegría de ve-los fillos dos seus fillos.)
E que despois dunha longa vida
alcancen a felicidade dos santos no reino do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Outras fórmulas para a bendición dos esposos, nos nn. ***.

106. Logo, se non se vai distribuí-la sagrada Comunión, o ministro bendí o pobo dicindo:

Celebrante: E a todos vós aquí reunidos
bendígavos Deus todopoderoso:
Pai, e Fillo, + e Espírito Santo.

Todos: Amén.

107. Convén remata-la celebración cun canto axeitado.

Sagrada Comunión

108. Se hai que distribuí-la Comunión, despois da "Bendición dos esposos", o ministro colle o copón co Corpo do Señor no sagrario onde se reserva a Eucaristía, pono no altar e fai xenuflexión.

109. Despois introduce a Oración Dominical con estas ou semellantes palabras:

Guiándonos polos consellos do Salvador
e seguindo a súa doutrina,
atrevémonos a dicir:

E todos xuntos din:

Noso Pai que estás no ceo:
santificado sexa o teu nome,
veña o teu reino
e fágase a túa vontade
aquí na terra coma no ceo.
Danos hoxe o noso pan de cada día;
perdoa as nosas ofensas,
como tamén perdoamos nós
a quen nos ten ofendido;
e non nos deixes caer na tentación,
mais líbranos do mal.

110. Despois o ministro, segundo conveña, con estas ou semellantes palabras, invita os fieis:

Dádevo-la paz coma irmáns.

E os esposos e os demais fieis exprésanse entre eles a paz e a caridade.

111. Logo, o ministro fai xenuflexión, colle o Corpo de Cristo e, téndoo un pouco elevado sobre o copón, móstrallelo ós que van comungar e di:

Este é o Añó de Deus que quita o pecado do mundo.
Felices os convidados á cea do Señor.

E os que van comungar engaden:

Señor, eu non son merecente
de que entres no meu fogar,
mais unha palabra túa
abonda para me salvar.

112. Achégase onda os que queren comungar e mostrándolle-lo pan consagrado, que mantén un pouco elevado, dille a cada un deles:

O Corpo de Cristo.

O que vai comungar responde:

Amén.

E comunga.

113. Mentres se fai a Comuñón, se convén, pódese entoar un canto axeitado.

114. Rematada a Comuñón, se parece oportuno, pódense gardar uns momentos de silencio, ou cantar un salmo ou un cántico de loanza.

115. Despois, o ministro di esta oración:

Oremos.

Señor, despois de participarmos na túa mesa,
pedímosche polos teus fillos N. e N.
que acaban de unirse no sacramento do Matrimonio.
Fai que vivan sempre unidos a ti
e proclamen entre os homes a túa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Rito de despedida.

116. O rito conclúe coa bendición dos esposos e do pobo coa forma simple de "Bendígvos Deus" ou cunha das fórmulas dos nn. 77, *** e ***.

117. Ó remata-la celebración, o ministro e as testemuñas asinan a acta do Matrimonio. Isto pódese facer na sancristía ou diante do pobo; pero neste caso non se faga sobre o altar.

CAPÍTULO III

RITO DA CELEBRACIÓN DO MATRIMONIO ENTRE UNHA PARTE CATÓLICA E OUTRA QUE NON ESTÁ BAUTIZADA

118. Sempre que contraen Matrimonio dunha parte un católico e doutra un catecúmeno ou un non cristián, dous catecúmenos entre eles, ou entre un catecúmeno e un non cristián, a celebración faise na igrexa ou ben nun lugar conveniente, e co seguinte rito.

O sacerdote, o diácono con delegación do Ordinario do lugar, ou o párroco, para asistir e bendicir no nome da Igrexa os que van celebra-lo Matrimonio, usarán o rito que se propón.

Se o Matrimonio se celebra diante dun asistente laico, delegado polo bispo da diócese, de acordo coa norma da que se fala no núm. 25, hase garda-lo mesmo ordo, coa adaptación necesaria na "bendición dos esposos". O vestido do asistente laico, ha ser apropiado ó ministerio ou o aconsellado polo Bispo.

Rito de acollida

119. Á hora que se acordou, o que preside, revestido, se é sacerdote ou diácono coa alba e coa estola ou tamén coa capa pluvial (ou a dalmática para o diácono) de cor branca ou da cor da festa, vai cos ministros á porta da igrexa ou ó lugar elixido, alí acolle e saúda os noivos.

Despois o mesmo cos ministros, os noivos, as testemuñas e tódolos presentes, van cara ás sés preparadas.

120. Despois o que preside diríxese ós noivos e ós presentes co fin de dispoñe-los seus ánimos á celebración do Matrimonio, con estas ou semellantes palabras:

N. e N., a Igrexa comparte a vosa alegría
e acóllevos con todo o corazón,
en compañía dos vosos pais e dos vosos amigos,
no día que vos xuntades para toda a vida.
Para os crentes, Deus é fonte do amor e da fidelidade,
porque Deus é amor.
Por iso, escoitemos con atención a súa palabra
e roguémoslle con humildade
que acolla as pregarias do voso corazón.

121. Se fose conveniente non te-lo "rito de acollida", a celebración comeza coa "liturxia da palabra".

Liturxia da palabra

122. Procédese na liturxia da palabra coma sempre, cos textos que se indican no núm. 56 ou con outros de entre as lecturas que se propoñen máis adiante (nn. ***-***). Pódese ler unha ou dúas lecturas. Se as circunstancias o aconsellan fágase só unha lectura. Escóllase sempre polo menos unha lectura que fale explicitamente do Matrimonio.

Se non preside un sacerdote ou un diácono, a lectura do Evanxeo introdúcese dicindo:

Escoitade, irmáns, a palabra do santo evanxeo segundo N.

123. Despois téñase a homilía sobre o texto sagrado e a misión e deberes dos casados. Convén que o asistente laico exhorte os noivos ou lea a homilía que faga presente o Bispo ou o párroco.

Rito do Matrimonio

124. Logo, estando todos de pé, incluídos os noivos, dispostos para isto as testemuñas, o que preside fálalles ós que van contraer Matrimonio con estas ou semellantes palabras:

Benqueridos irmáns:

Acudistes a este templo santo,
para que, diante do ministro da Igrexa
(diante de min, delegado dun Bispo da Igrexa)
e da comunidade,
o Señor confirme co selo sagrado
a vosa intención de contraer Matrimonio,
e a súa bendición enriqueza o voso amor,
para que vos aceptedes sempre na mutua fidelidade
e manteñáde-los demais compromisos do Matrimonio.
Por todo isto, diante da Igrexa,
eu preguntovos pola vosa disposición.

Escrutinio

125. Entón o que preside preguntalles pola liberdade, a fidelidade, a crianza e maila educación dos fillos.

Celebrante:¿Viñestes aquí contraer Matrimonio sen vos sentir forzados, senón máis ben con enteira liberdade?

Os noivos: Viñemos.

Celebrante:¿Estades dispostos, cumprindo cos vosos deberes matrimoniais, a querervos un ó outro e a gardarvos respecto mutuo ó longo de toda a vosa vida?

Os noivos: Estamos.

A seguinte pregunta pódese omitir, se as circunstancias o aconsellan; no caso, por exemplo, de que os noivos sexan xa entrados en anos.

Celebrante:¿Estades dispostos a recibir agarimosamente os fillos que Deus vos queira dar e tamén a educalos segundo a lei de Cristo e a doutrina da súa Igrexa?

Os noivos: Estamos.

O Consentimento

126. O que preside invita os noivos a manifesta-lo seu consentimento.

Celebrante:Como traede-la intención de contraer Matrimonio, dádevola man e así manifestade o voso consentimento diante de Deus e da súa Igrexa.

Os noivos danse a man dereita e din:

127. O home di:

Eu, N., acóllote a ti, N., por muller miña e prometo que che hei ser sempre fiel, tanto na alegría coma na adversidade, tanto na saúde coma na enfermidade, téndoche amor e respecto tódolos días da miña vida.

A muller di:Eu, N., acóllote a ti, N., por marido meu e prometo que che hei ser sempre fiel, tanto na alegría coma na adversidade, tanto na saúde coma na enfermidade, téndoche amor e respecto tódolos días da miña vida.

128. Se por razóns pastorais se considera máis conveniente, o que preside pódelles pedi-lo consentimento ós noivos con esta fórmula:

Pregúntalle primeiro ó noivo:

N. ¿queres acoller a N., por muller túa e prometes que lle has ser sempre fiel tanto na alegría coma na adversidade, tanto na saúde coma na enfermidade, téndolle amor e respecto tódolos días da túa vida?

Noivo: Si, quero.

Pregúntalle despois á noiva:

N. ¿queres acoller a N., por marido teu e prometes que lle has ser sempre fiel tanto na alegría coma na adversidade, tanto na saúde coma na enfermidade, téndolle amor e respecto tódolos días da túa vida?

Noiva: Si, quero.

Recepción do consentimento

129. O que preside, despois de recibi-lo consentimento, di:

Que Deus, Noso Pai,
lle dea firmeza ó consentimento
que acabades de manifestar diante da Igrexa
e vos conceda a plenitude da súa bendición.
O que Deus xuntou, que non o separe o home.

Ou:

O Deus de Abrahán, Deus de Isaac e Deus de Xacob,
o Deus que uniu os nosos primeiros pais no paraíso,
bendiga e confirme en Cristo o voso consentimento
que acabades de manifestar diante da Igrexa,
para que o que El xuntou, non o separe o home.

130. Entón o que preside invita os fieis a loar a Deus.

Bendigámo-lo Señor.

R.Deámoslle gracias a Deus.

Bendición e entrega dos aneis

131. Se as circunstancias o aconsellan pódese omiti-la bendición e entrega dos aneis. Se se conserva, o que preside di:

O Señor bendiga + estes aneis
que vos ides entregar un ó outro
como sinal de que vos tendes amor
e de que sempre vos gardaredes mutua fidelidade.

R. Amén.

Outras fórmulas de bendición dos aneis, nos nn. ***-***.

132. O asistente laico di as mesmas palabras pero omitindo o sinal da Cruz.

O Señor bendiga estes aneis
que vos ides entregar un ó outro
como sinal de que vos tendes amor

e de que sempre vos gardaredes mutua fidelidade.

R. Amén.

Asperxe os aneis coa auga bendita, se lle parece oportuno, e dállelos ós esposos.

133. O esposo ponlle á esposa o anel no dedo anular da man dereita, dicindo segundo conveña:

Esposo:N., toma este anel como unha mostra do amor que che teño e da fidelidade que che hei de gardar.

Se é cristián pode engadir:

No nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo.

Tamén a esposa lle pon ó esposo o seu anel no dedo anular da man dereita, dicindo, segundo conveña:

Esposa:N., toma este anel como unha mostra do amor que che teño e da fidelidade que che hei de gardar.

Se é cristiá pode engadir:

No nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo.

133bis. Se hai o costume de entrega-las arras, o que preside di:

Bendí + , Señor, estas arras que N. e N. se entregan,
e manda sobre elas a abundancia dos teus bens.

* O asistente laico di as seguintes palabras:

O Señor bendiga estas arras que N. e N. se entregan,
e mande sobre elas a abundancia dos seus bens.

O esposo colle as arras e entrégallas á esposa, dicindo:

N., colle estas arras como peñor da bendición de Deus
e signo dos bens que xuntos imos compartir.

A esposa colle as arras e entrégallas ó esposo, dicindo:

N., colle estas arras como peñor da bendición de Deus
e signo dos bens que xuntos imos compartir.

134. Entón a comunidade pode entoar un himno ou un canto de loanza.

Oración dos fieis

135. Dise logo a oración universal ou oración dos fieis, coma de costume (véxanse os exemplos que se propoñen nos nn. 69, *** e ***).

136. Despois das invocacións, o que preside prosegue coas seguintes ou semellantes palabras:

Supliquemos, os que somos cristiáns, a Deus, noso Pai,
que quere ve-los seus fillos unidos na caridade,
coa oración da familia de Deus
que nos ensinou noso Señor Xesucristo:

E todo-los cristiáns pregan:

Noso Pai que estás no ceo:
santificado sexa o teu nome,
veña o teu reino
e fágase a túa vontade
aquí na terra coma no ceo.
Danos hoxe o noso pan de cada día;
perdoa as nosas ofensas,
como tamén perdoamos nós
a quen nos ten ofendido;
e non nos deixes caer na tentación,
mais líbranos do mal.

Bendición dos esposos

137. A bendición nupcial dise coma é costume sobre os esposos. Sen embargo, se as circunstancias o aconsellan, pódese omitir. No seu lugar hase dici-la oración que se propón mais adiante no núm. ***

Os esposos permanecen no seu lugar e, se é oportuno, póñense de xeonllos.

O sacerdote (ou o diácono), coas mans xuntas, invita os fieis a orar:

Invoquemos agora a bendición do Señor
sobre estes esposos
para que enriqueza co auxilio da súa gracia

ós que santificou co sacramento do Matrimonio.

Todos oran en silencio por uns instantes.

138. Despois o sacerdote (ou o diácono), coas mans estendidas sobre os esposos, prosegue:

Pai santo, creador do universo,
 ti formáche-lo home e a muller á túa imaxe
 e enriqueciches coa túa bendición
 a súa unión matrimonial:
 pedímosche humildemente por estes teus servos
 que hoxe se unen polo sacramento do Matrimonio.

Que a túa bendición, Señor,
 descenda abundante sobre esta esposa N.
 e o compañeiro da súa vida N.,
 e o don celeste do teu Santo Espírito
 acenda os seus corazóns,
 para que se distinguan pola boa conducta
 (e sexan pais de probada virtude)
 no gozo nupcial da mutua entrega.

Señor, que te loen na alegría
 e te busquen na tristeza.
 Que sintan nos seus traballos o agarimo da túa axuda
 e nos sufrimentos a presenza do teu consolo.
 Que despois dunha longa vida
 con tódolos amigos que hoxe lles acompañan,
 cheguen un día ó reino do ceo.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

139. Se o que preside é un asistente laico, di, coas mans xuntas:

Bendito es, Deus e Señor,
 pródigo creador do xénero humano,
 ti deixáche-la imaxe do teu amor
 na unión matrimonial do home e maila muller.

Que a túa bendición, Señor,
 descenda abundante sobre esta esposa N.
 e o compañeiro da súa vida N.,
 e o don celeste do teu Santo Espírito
 acenda os seus corazóns,
 para que se distinguan pola boa conducta
 (e sexan pais de probada virtude)

no gozo nupcial da mutua entrega.

Señor, que te loen na alegría
e te busquen na tristeza.
Que sintan nos seus traballos o agarimo da túa axuda
e nos sufrimentos a presenza do teu consolo.
Que despois dunha longa vida
con tódolos amigos que hoxe os acompañan,
cheguen un día ó reino do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

140. Se polas circunstancias se omitiu a bendición nupcial, dise a seguinte oración sobre os esposos:

Señor, escoita as nosas súplicas,
e asiste benigno
o que ti mesmo constituíches
como propagación do xénero humano,
para que, co teu auxilio,
cumpra ó fin para o que o creaches.

R. Amén.

141. Despois, o sacerdote (ou o diácono) bendí o pobo dicindo:

E a todos vós aquí reunidos
bendígvos Deus todopoderoso:
Pai, e Fillo, + e Espírito Santo.

R. Amén.

142. Se preside un asistente laico, a celebración pode rematar facendo sobre si mesmo o sinal da Cruz e dicindo:

Deus nos encha co gozo e a esperanza da fe.
A paz de Cristo relouque nos nosos corazóns.
O Espírito Santo penetre cos seus dons nas nosas almas.

Todos responden:

Amén.

143. É adecuado que a celebración termine cun canto axeitado.

144. Ó remata-la celebración o que preside e as testemuñas asinan a acta do Matrimonio. Isto pódese facer na sancristía ou diante do pobo; pero neste caso non se faga sobre o altar.

CAPÍTULO IV

**TEXTOS DIVERSOS PARA EMPREGAR NO RITO DO MATRIMONIO
E NA MISA “POLOS ESPOSOS”****I****TEXTOS BÍBLICOS**

Na Misa “Polos esposos” e na celebración do Matrimonio sen Misa, pódense empregar os textos que seguen. Escóllase sempre polo menos unha lectura que fale explicitamente do Matrimonio. Esas lecturas veñen sinaladas cun asterisco.

Lecturas do Antigo Testamento

- * **145.** Xén 1, 26-28. 31a:
“Creounos varón e muller” (Lecc. III, núm. 801, 1) (ver máis arriba no núm. 56).
- * **146.** Xén 2, 18-24:
“E serán unha soa carne” (Lecc. III, núm. 801, 2).
- * **147.** Xén 24, 48-51. 58-67:
“Amou Isaac a Rebeca e consolouna da morte de súa nai” (Lecc. III, núm. 801, 3).
- * **148.** Tob 7, 6-14:
“Que o Señor do ceo faga que esta noite sexa boa para ámbolos dous, fillo, e vos manifeste a súa misericordia e a súa paz” (Lecc. III, núm. 801, 4).
- * **149.** Tob 8, 4b-8:
“Que cheguemos xuntos á vellez” (Lecc. III, núm. 801, 5).
- * **150.** Prov 31, 10-13.19-20.30-31:
“A muller que teme ó Señor merece ser loada” (Lecc. III, núm. 801, 6).
- 151.** Cant 2, 8-10. 14. 16a; 8, 6-7a:
“O amor é tan forte como a morte” (Lecc. III, núm. 801, 7).
- * **152.** Ecl 26, 1-4. 16-21:
“Coma raiola o sol por riba dos cumios

así a beleza da muller na casa ben gobernada” (Lecc. III, núm. 801, 8).

153. Xer 31, 31-32a. 33-34a:

“Pactarei coa casa de Xudá e co reino de Israel unha alianza nova” (Lecc. III, núm. 801, 9).

Lecturas do Novo Testamento

154. Rm 8, 31b-25. 37-39:

“¿Quen nos pode arredar do amor de Cristo?” (Lecc. III, núm. 802, 1).

155. Rm 12, 1-2. 9-18 (longa) ou 1-2. 9-13 (máis breve):

“Ofrecede os vosos corpos como sacrificio vivo, santo, grato a Deus” (Lecc. III, núm. 802, 2).

156. Rom 15, 1b-3a.5-7.13:

“Acollédevos uns a outros, como tamén Cristo vos acolleu” (Lecc. III, núm. 802, 3).

157. 1 Cor 6, 13c-15a. 17-20:

“Os vosos membros son templo do Espírito Santo” (Lecc. III, núm. 802, 4).

158. 1 Cor 12, 31-13, 8a:

“Se non tiver amor, nada me aproveitaría” (Lecc. III, núm. 802, 5).

159. Ef 4, 1-6:

“Hai un só corpo e un só Espírito” (Lecc. III, núm. 802, 6).

* **160.** Ef 5, 2a. 21-33 (larga) ou 2a. 25-32 (máis breve):

“Grande misterio é este; e eu refíroo a Cristo e á Igrexa” (Lecc. III, núm. 802, 7) (ver máis arriba no núm. 56).

161. Flp 4, 4-9:

“E a paz de Deus custodiará os vosos corazóns” (Lecc. III, núm. 802, 8).

162. Col, 3, 12-17:

“Por riba de todo, cinguídevos co amor que é o vencello da perfección” (Lecc. III, núm. 802, 9).

163. Hb 13, 1-4a. 5-6b:

“O Matrimonio é merecente de tódolos respectos” (Lecc. III, núm. 802, 10).

* **164.** 1 Pe, 3, 1-9:

“Andade todos de acordo e cos mesmos sentimentos, querédevos coma irmáns” (Lecc. III, núm. 802, 11).

165. 1 Xn, 3, 18-24:

“Amemos con feitos e de verdade” (Lecc. III, núm. 802, 12).

166. 1 Xn, 4, 7-12.

“Deus é amor” (Lecc. III, núm. 802, 13).

- 167.** Ap, 19, 1. 5-9a.
 “¡Benia ós que están convidados ó banquete de vodas do Año!” (Lecc. III, núm. 802, 14).

Salmos responsoriais

- 168.** Sal 32, 12. 18. 20-21. 22:
 R. (5b): A misericordia do Señor enche a terra.
 (Lecc. III, núm. 803, 1).
- 169.** Sal 33, 2-3. 3-5. 6-7. 8-9:
 R. (2a): Eu bendigo o Señor en todo instante.
 Ou (9a): Gustade e vede que bo é o Señor.
 (Lecc. III, núm. 803, 2).
- 170.** Sal 102, 1-2. 8. 13. 17-18a:
 R. (8a): O Señor é misericordioso e clemente.
 Ou (17): O amor do Señor dura por sempre para os que o temen.
 (Lecc. III, núm. 803, 3).
- 171.** Sal 111, 1-2. 3-4. 5-7a. 7bc. 8. 9:
 R. (cf 1): Ditoso o que ten gozo nos preceptos do Señor.
 Ou: Aleluia.
 (Lecc. III, núm. 803, 4).
- * **172.** Sal, 127, 1-2. 3. 4-5:
 R. (cf 1): Ditosos tódolos que temen ó Señor.
 Ou: (4): Así é bendito quen teme ó Señor.
 (Lecc. III, núm. 803, 5) (ver máis arriba no núm. 56).
- 173.** Sal, 144, 8-9. 10. 15. 17-18:
 R. (9a): O Señor é agarimoso para todos.
 (Lecc. III, núm. 803, 6).
- 174.** Sal, 148, 1-2. 3-4. 9-10. 11-12ab. 12c.-14a:
 R. (13a): Loen o nome do Señor.
 Ou: Aleluia.
 (Lecc. III, núm. 803, 7).

Aleluia e versíños antes do Evanxeo

- 175.** 1 Xn 4, 7b:

“Todo aquel que ama, naceu de Deus e coñece a Deus” (Lecc. III, núm. 804, 1).

- 176.** 1 Xn 4, 8b e 11:
 “Deus é amor;
 amémonos uns ós outros, como Deus nos amou” (Lecc. III, núm. 804, 2).
- 177.** 1 Xn 4, 12:
 “Se nos amamos uns ós outros, Deus está en comunión connosco e o seu amor faise realidade cumprida en nós” (Lecc. III, núm. 804, 3).
- 178.** 1 Xn 4, 16:
 “Quen permanece no amor, permanece en Deus e Deus permanece nel” (Lecc. III, núm. 804, 4).

Lecturas do Evanxeo

- 179.** Mt 5, 1-12a:
 “Alegrádevos e reloucade, porque grande será a vosa recompensa nos ceos” (Lecc. III, núm. 805, 1).
- 180.** Mt 5, 13-16:
 “Vós sóde-la luz do mundo” (Lecc. III, núm. 805, 2).
- 181.** Mt 7, 21. 24-29 (máis longa) ou 21. 24-25 (máis breve):
 “Edificou a súa casa sobre pedra” (Lecc. III, núm. 805, 3).
- *182.** Mt 19, 3-6:
 “Que o home non separe o que Deus uniu” (Lecc. III, núm. 805, 4) (ver máis arriba no núm. 56).
- 183.** Mt 22, 35-40:
 “Este é o mandamento primeiro e máis grande. O segundo é semellante a el” (Lecc. III, núm. 805, 5).
- *184.** Mc 10, 6-9:
 “Non son dous, senón unha mesma carne” (Lecc. III, núm. 805, 6).
- *185.** Xn 2, 1-11:
 “Foi así como fixo Xesús o primeiro dos signos en Caná de Galilea” (Lecc. III, núm. 805, 7) (ver máis arriba no núm. 56).
- 186.** Xn 15, 9-12:
 “Permanecede no meu amor” (Lecc. III, núm. 805, 8).
- 187.** Xn 15, 12-16:
 “Isto vos mando: que vos amedes uns ós outros” (Lecc. III, núm. 805, 9).

- 188.** Xn 17, 20-26 (máis longa) ou 20-23 (máis breve):
“Que cheguen á perfecta unidade” (Lecc. III, núm. 805, 10).

II

COLECTAS

189. Esta oración non debe usarse o mesmo tempo que a primeira bendición dos esposos (nn. 74 e ***).

Deus, noso Pai,
ti consagráche-la alianza matrimonial
cun sacramento tan admirable
que a convertiches en símbolo da unión de Cristo coa Igrexa.
Fai que estes fillos teus realicen na súa vida de casados
o ideal deste sacramento que hoxe reciben na fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

190. Deus, noso Pai,
cando creáche-la humanidade,
determináche-la unión do home e a muller.
Mantén na fidelidade os que se van unir en alianza matrimonial.
Ti, que lles concéde-la fecundidade do amor,
fai que dean exemplo del ante o mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

191. Señor, escoita as nosas súplicas
e infunde con bondade a túa gracia nestes fillos teus.
Eles únense ante o teu altar,
fainos ti sempre firmes no amor que se prometen.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

192. Deus todopoderoso,
pedímosche por estes teus fillos
que uniches nunha alianza santa.
Fai que crezan sempre na fe que profesan
e aumenten a túa Igrexa (facendo cristiáns ós seus fillos).
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

193. Atende, Señor, as nosas súplicas
e asiste á institución que ti ordenaches
para o desenvolvemento do ser humano,
de xeito que se manteña unida
coa túa providencia e a túa gracia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

194. Deus e Pai noso,
ti bendixéche-la multiplicación da prole

na orixe do mundo.
 Suplicámosche que derráme-lo don da túa gracia
 sobre estes teus servos N. e N.,
 para que o seu Matrimonio os vincule
 nun mesmo corazón e mutua santidadade.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

III

OUTRAS ORACIÓNS PARA A BENDICIÓN DOS ANEIS

- 195.** Bendí, Señor, estes aneis,
 que eu no teu nome + bendigo,
 para que aqueles que os leven postos
 sexan fieis un ó outro
 e vivan ó agarimo da túa paz,
 cumprindo decote coa túa vontade
 e queréndose ben.
 Por Cristo, noso Señor.
- 196.** Bendí, + e santifica, Señor,
 no teu amor a estes teus fillos e fai que
 -ó levaren postos estes aneis
 como sinal de mutua fidelidade-
 se lembren a cotío do amor
 que prometeron terse un ó outro.
 Por Cristo, noso Señor.

IV

ORACIÓNS SOBRE AS OFRENDAS

- 197.** Señor, acepta a ofrenda que che presentamos
 na celebración deste Matrimonio.
 Ti, que e-lo autor desta unión,
 gárdaa coa túa protección.
 Por Cristo, noso Señor.
- 198.** Señor, acolle con bondade
 estes dons que che ofrecemos con alegría
 e garda con amor de Pai
 os que uniches en alianza matrimonial.
 Por Cristo, noso Señor.

- 199.** Señor, escoita as nosas súplicas
e acolle con bondade as ofrendas que che presentamos
por estes fillos teus que acaban de casar.
Por esta Eucaristía fai que se amen entre si
e perseveren no teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

V

PREFACIOS

200. A dignidade da unión matrimonial.

Verdadeiramente é digno e de xustiza,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.
Ti quixeches que a comunidade matrimonial
estivese rexida pola grata lei do amor
e polo vínculo irrompible da paz,
para que a unión casta e fecunda dos esposos
aumente o número dos teus fillos.
Pois ti, Señor, coa túa providencia
e coa túa gracia realíza-la marabilla
de que os fillos, que nacen para o progreso do mundo,
renazan polo bautismo para o aumento da Igrexa,
por Cristo, Señor noso.
Por el, unidos ós anxos e ós santos,
cantámosche un himno de loanza,
proclamando sen cesar a túa gloria:

201. O grande misterio do Matrimonio.

Verdadeiramente é digno de xustiza,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai Santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.
Ti establecíche-la nova alianza co teu pobo,
para que o home, redimido polo misterio
da morte e da resurrección de Cristo,
participe por el da natureza divina
e sexa con el herdeiro da gloria do ceo.
Na unión do home e da muller déchesnos un signo

do amor xeneroso de Cristo pola Igrexa,
 para que o sacramento do Matrimonio
 nos recorde o misterio admirable do teu amor.
 Por iso, cos anxos e cos santos,
 te loamos, proclamando sen cesar:

202. O Matrimonio como signo do amor divino.

Verdadeiramente é digno de xustiza,
 é o noso deber e salvación
 darche gracias sempre e en todo lugar,
 Señor, Pai Santo,
 Deus todopoderoso e eterno.
 Na túa bondade, ti creáchelo home
 elevándoo a unha dignidade tan alta
 que na unión do home e da muller
 déchesnos unha imaxe viva do teu amor.
 Pois por amor o creaches,
 ó amor o invitas sen cesar
 e no teu amor eterno ten o seu destino.
 Así, o sacramento do Matrimonio,
 que é signo do teu amor divino,
 fai santo tamén o amor humano;
 por Cristo, Señor noso.
 Por el, cos anxos e cos santos,
 cantámosche un himno de loanza,
 dicindo sen cesar:

VI

MEMORIA DOS ESPOSOS NAS PREGARIAS EUCARÍSTICAS

A) Na Pregaria Eucarística I

203. Dise o “Acolle, Señor” propio. A frase entre parénteses pode suprimirse se se xulga conveniente.

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros,
 dos novos esposos N. e N.
 e de toda a túa familia, que hoxe pide por eles;
 e xa que lles concediches
 chegar ó día dos desposorios,
 dálles tamén
 (a ledicia dunha ansiada descendencia e)
 unha longa vida.
 (Por Cristo, noso Señor. Amén.)

B) Na Pregaria Eucarística II

204. Despois das palabras “e con tódolos pastores do teu pobo”, engádese:

Lémbrate dos teus fillos N. e N.
que hoxe, en Cristo, fundaron unha nova familia,
Igrexa doméstica e sacramento do teu amor:
concédelles que a gracia deste día
se alongue durante toda a súa vida.
Lémbrate tamén...

C) Na Pregaria Eucarística III

205. Despois das palabras “e á todo o pobo que o teu Fillo redimiu”, engádese:

Axuda ós teus fillos N. e N.
que hoxe, en Cristo, fundaron unha nova familia,
Igrexa doméstica e sacramento do teu amor,
e concédelles que a gracia deste día
se alongue durante toda a súa vida.
Atende con amor as súplicas desta familia...

VII**BENDICIÓN DOS ESPOSOS**

206. Na invitación, as palabras entre parénteses pódense omitir, cando non comungan un dos esposos ou os dous. Na mesma pregaría pódense omiti-las palabras entre parénteses, se as circunstancias o aconsellan, por exemplo, se os esposos son de idade avanzada.

207. O sacerdote (ou o diácono), coas mans xuntas, invita a todos a orar, dicindo:

Roguemos ó Señor por estes esposos que,
ó comezo da súa vida matrimonial, se acercan ó altar,
para que (pola comunión do Corpo e do Sangue de Cristo)
vivan sempre unidos no amor.

Todos oran en silencio por uns instantes.

208. Despois o sacerdote (ou o diácono), coas mans estendidas sobre os esposos, prosegue:

Pai santo,
ti creáche-lo home á túa imaxe
facéndoo home e muller,
para que, unidos nun só espírito e nunha soa carne,

cumprisen a súa misión no mundo.
 Deus, noso Pai,
 para reveláre-lo plano do teu amor,
 quixeches que o amor dos esposos
 fose un símbolo da alianza que estableciches co teu pobo.
 E, cando ese símbolo chegou á plenitude,
 quixeches que o Matrimonio cristián
 manifestase o misterio do amor de Cristo á Igrexa, a súa esposa.
 Rogámosche agora que esténda-la túa man
 e bendigas con amor ós teus fillos N. e N.
 Señor, fai que así como agora van comparti-la súa vida
 polo sacramento do Matrimonio,
 compartan tamén os dons do teu amor;
 que sexan un para o outro signo da túa presenza
 e cheguen a ser un só corazón e unha soa alma.
 Concédelles tamén, Señor, que co seu traballo
 edifiquen e sosteñan o seu fogar,
 (que eduquen os seus fillos na doutrina do Evanxeo,
 e os preparen así para seren membros da túa familia santa).
 Enche de bendicións esta túa filla N.,
 para que, coma (nai e) esposa exemplar,
 anime a casa coa quentura do seu amor
 e a alegre coa súa tenrura e simpatía.
 Bendi tamén o teu fillo N.,
 para que sexa esposo fiel (e pai cariñoso).
 Pai santo,
 estes fillos teus, por primeira vez como esposos,
 achéganse á túa mesa.
 Concédelles participar tamén un día
 no gozoso banquete do teu reino.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

209. O sacerdote (ou o diácono), cara ós esposos, coas mans xuntas, invita a todos a orar, dicindo:

Queridos irmáns:
 Invoquémo-la bendición do Señor sobre estes esposos,
 para que enriqueza co auxilio da súa gracia
 os que santificou co sacramento do Matrimonio.

Todos oran en silencio por uns instantes.

210. Despois o sacerdote (ou o diácono), coas mans estendidas sobre os esposos, prosegue:

Pai santo, creador do universo,
 ti formáche-lo home e a muller á túa imaxe

e enriqueciches coa túa bendición
a súa unión matrimonial.
Rogámosche humildemente por esta esposa
que hoxe se une ó seu marido polo sacramento do Matrimonio:
que a túa bendición, Señor,
descenda abundante sobre ela e o seu marido,
para que atopen felicidade
na entrega mutua do seu amor;
(que os fillos adornen o seu fogar
e aumenten a túa Igrexa).
Señor, que te loen na alegría
e te busquen na tristeza.
Que sintan nos seus traballos o agarimo da túa axuda
e nos sufrimentos a presenza do teu consolo.
Que participen na oración da túa Igrexa
e sexan as túas testemuñas no mundo.
Que despois dunha longa vida
con tódolos amigos que hoxe lles acompañan,
cheguen un día ó reino do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

VII

ORACIÓNS DESPOIS DA COMUÑÓN

- 211.** Señor, pola eficacia deste sacrificio,
acompaña coa túa gracia o Matrimonio que ti instituíches.
Ós que xuntaches cunha unión santa
(e alimentaches cun mesmo pan e un mesmo cáliz),
concédelles vivir sempre unidos no amor.
Por Cristo, noso Señor.
- 212.** Señor, despois de participarmos na túa mesa,
pedímosche polos teus fillos N. e N.
que acaban de unirse no sacramento do Matrimonio.
Fai que vivan sempre unidos a ti
e proclamen entre os homes a túa gloria.
Por Cristo, noso Señor.
- 213.** Deus todopoderoso,
que aumente sempre nestes fillos teus
a gracia do sacramento que recibiron,
e que todos nós recibámo-lo froito
da Eucaristía que acabamos de ofrecer.
Por Cristo, noso Señor.

VIII**BENDICIÓNS DE DESPEDIDA**

214. Deus, o Pai eterno,
vos manteña unidos no amor,
para que a paz de Cristo viva en vós
e permaneza sempre no voso lar.

R. Amén.

Que os vossos fillos sexan para vós unha bendición,
que goceades da compañía dos amigos
e vivades en paz con todo o mundo.

R. Amén.

Que sexades no mundo un espello do amor de Deus
para que os pobres e aflixidos
vos acollan un día agradecidos
na casa eterna do Pai.

R. Amén.

E a todos vós aquí reunidos
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai e Fillo + e Espírito Santo.

R. Amén.

215. Deus, Pai todopoderoso,
vos dea a súa alegría
e vos bendiga (co don dos fillos).

R. Amén.

O Fillo único de Deus
teña piedade de vós
e vos axude na felicidade e na desgracia.

R. Amén.

O Espírito Santo de Deus
enchá os vossos corazóns co seu amor.

R. Amén.

E a todos vós aquí reunidos
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai e Fillo + e Espírito Santo.

R. Amén.

216. O Señor Xesús,
que quixo estar presente na voda de Caná,
vos bendiga a vós
e ós vosos parentes e amigos.

R. Amén.

El, que amou sen medida a súa Igrexa,
infunda sempre o seu amor nos vosos corazóns.

R. Amén.

O Señor resucitado
vos faga testemuñas da fe na resurrección
e vos conceda esperar con alegría a súa volta gloriosa.

R. Amén.

E a todos vós aquí reunidos
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai e Fillo + e Espírito Santo.

R. Amén.

APÉNDICES

I

FORMULARIOS PARA A ORACIÓN DOS FIEIS

217. Benqueridos todos, encomendemos ó Señor os nosos irmáns N. e N., agradecéndolle o senlleiro don da gracia e da santidad cos que completou e santificou o seu amor.

- Para que os nosos irmáns en Cristo N. e N., unidos na santidad do Matrimonio, gocen por sempre de saúde e gracia.
Roguémoslle ó Señor.
- Para que bendiga a súa alianza, como prometeu ó santifica-las vodas de Caná.
Roguémoslle ó Señor.
- Para que Deus lles conceda a plenitude e a fecundidade do seu amor, a paz e a gracia e sexan así testemuñas do nome cristián.
Roguémoslle ó Señor.
- Para que o pobo cristián medre na santidad e lle asista a gracia do ceo en tódalas dificultades.
Roguémoslle ó Señor.
- Para que o Espírito Santo renove en tódolos esposos aquí presentes a gracia do sacramento do Matrimonio.
Roguémoslle ó Señor.

Derrama, Señor, nestes esposos N. e N.
o Espírito do teu amor,
para que tendo un único corazón e unha soa alma,
ninguén separe os que ti uniches
e nada angustie os que ti bendixeches.
Por Cristo, noso Señor.

218. Benqueridos irmáns, apoiemos coa nosa oración esta nova familia para que día a día medre o seu mutuo amor e Deus, noso Pai, preste bo auxilio ás familias de todo o mundo.

- Polos novos esposos e o ben da súa familia.
Roguémoslle ó Señor.
- Polos seus familiares e amigos e por tódolos que axudaron os novos esposos.

Roguémoslle ó Señor.

- Polos mozos que se dispoñen ó casamento e tódolos que Deus chama a outros estados de vida, por tódalas familias e paz estable no mundo.
Roguémoslle ó Señor.
- Polos membros das nosas familias que pasaron da vida á morte, e por tódolos defuntos.
Roguémoslle ó Señor.
- Pola Igrexa, pobo santo de Deus, e pola unidade de tódolos cristiáns.
Roguémoslle ó Señor.

Señor noso, Xesucristo,
ó sela-la unión de N. e N.
ti es presente en medio de nós.
Acolle a nosa oración e énchenos co teu Espírito.
Ti que vives e reinas por sempre eternamente.

II

RITO DA BENDIÇÃO DO DESPOSORIO

Observacións

219. Dentro das obrigas e a actividade apostólica dos esposos cristiáns, estimarase de non menor importancia cá educación dos fillos, a axuda que deben prestar ós “desposados” para que se preparen o mellor posible para o seu Matrimonio.

Polo que, o “desposorio”, ou promesa de matrimonio de dous cristiáns, convértese en ocasión sinalada para as dúas familias. Convén, logo, que se celebre cun rito especial e a común oración, para que Deus bendiga os noivos e comecen ledos o que no seu día ha chegar á plenitude.

A celebración do rito acomodarse ó que permitan as circunstancias.

220. Cando o “desposorio” se celebra na intimidade das familias, un dos pais pode presidi-lo rito de bendición, a non ser que estea presente un sacerdote ou un diácono; estes presidirán o rito da bendición coa prudencia necesaria para que os presentes non pensen que se trata da celebración do Matrimonio.

221. Os pais, ou outro laico e tamén o sacerdote ou o diácono poden empregar este mesmo rito, mantendo os seus elementos principais e acomodando o resto, segundo conveña, ás circunstancias.

222. Pode ser un momento adecuado para celebra-lo “desposorio” as xuntanzas dos noivos para a preparación catequética previa ó Matrimonio. O “desposorio”, ou especial bendición dos “desposados”, nunca se unirá á celebración da Eucaristía.

Ritos iniciais

223. Reunida a familia, se o que preside é un sacerdote ou un diácono, saúda os presentes despois de face-lo sinal da cruz:

A gracia e maila paz do noso Señor Xesucristo,
que nos amou e se entregou por todos,
sexan con todos vós.

ou outro saúdo apropiado, tomado principalmente da Sagrada Escritura.
Todos responden:

E contigo tamén.

ou doutro modo axeitado.

224. Se o ministro é un laico, despois de face-lo sinal da cruz, saúda os presentes dicindo:

Irmáns,
 loemos noso Señor Xesucristo,
 que nos amou e se entregou por nós.

e todos responden:

Amén.

225. O que preside dispón os presentes a recibi-la bendición coas seguintes ou semellantes palabras:

A gracia de Deus é necesaria a todos e en toda ocasión. A ninguén se lle esconde, e en especial ós cristiáns, que a gracia de Deus é necesaria ós que se preparan para formar unha nova familia.

Pidámoslle, logo, a Deus que bendiga estes nosos irmáns para que medren na mutua estima, no amor sinxelo e preparen a honesta celebración do seu santo Matrimonio nas obrigas da súa vida e na oración en común.

Lectura da palabra de Deus

226. Despois, un dos presentes, ou o mesmo ministro, le un texto da Sagrada Escritura.

Xn 15,9-12: *“Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros coma eu vos ameí”*.

Escoitade irmáns a palabra do santo Evanxeo segundo Xoán.

Dixo Xesús ós seus discípulos: “Coma me amou o Pai, así vos ameí eu: permanecede no meu amor. Se gardáde-los meus mandamentos, permaneceredes no meu amor, como eu gardei os mandamentos do meu Pai, e permanezo no seu amor. Díxenvos estas cousas, para que a miña alegría estea en vós, e a vosa alegría sexa plena. Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros coma eu vos ameí”.

227. Ou:

1 Cor 13,4-13: *“O amor cre sempre, espera sempre, desculpa sempre”*.

Escoitade irmáns a palabra do Apóstolo Paulo ós Corintios.

O amor é de corazón grande, é servicial. O amor non ten envexa, non ten fachenda, non se ensoberbece; non é mal criado, non busca a súa comenencia, non se alporiza, non garda malicia; non simpatiza coa inxustiza, senón que se alegra coa verdade. Desculpa sempre, fíase sempre, espera sempre, atura sempre.

O amor non pasa endexamais; mentres que as profecías desaparecerán, as linguas calarán, a ciencia acabará. Porque a nosa ciencia é limitada e limitada é a nosa inspiración: e cando veña o perfecto, desaparecerá o limitado. Cando eu era neno, falaba coma un neno, pensaba coma un neno, razoaba coma un neno; cando cheguei a home, deixei de lado as cousas de neno. Igualmente: agora vemos nun espello, escuramente; pero daquela habemos ver cara a cara. Agora coñezo dun modo incompleto, pero daquela hei coñecer tan ben como Deus me coñece a min. En resumo: hai tres cousas que permanecen: a fe, a esperanza e o amor. Pero delas a meirande é o amor.

228. Ou:

Os 2,21-26: *“Desposareite na fe”*.

Flp 2,1-5: *“Sentindo o mesmo”*.

229. Se convén, pódese ler ou canta-lo salmo responsorial ou outro canto axeitado.

Salmo 144 (145), 8-9. 10 e 15. 17-18.

R. (9): *O Señor é bo para todos.*

O Señor é clemente e compasivo,
tardo á ira e rico en piedade.
O Señor é bo para todos,
agarimoso con tódalas súas obras.

Que te loen, Señor, as túas obras,
e te bendigan os teus amigos.
Os ollos de todos están postos en ti,
e dálle-lo sustento ó seu tempo.

O Señor é xusto en tódolos seus camiños,
e santo en tódalas súas obras.
O Señor está cerca dos que o chaman,
dos que o chaman con sinceridade.

230. O que preside fálalles un pouco ós presentes, expoñéndolle-lo sentido das lecturas para que perciban na fe o significado da celebración do “desposorio” e poidan distinguilo axeitadamente da celebración do Matrimonio.

Oración dos fieis

231. Segue a oración común de todos ou universal. O que preside pode elixir entre as seguintes, aquelas intercesións que estime máis axeitadas ou engadir algunha que teña máis en conta as circunstancias:

Preguemos con confianza a Deus, noso Pai,
que amou os homes ata facelos fillos seus en Cristo,

e testemuñas do seu amor no medio do mundo,
e digámoslle:

Mantennos Señor no teu eterno amor.

Ou outra resposta axeitada.

Ós que fixeches irmáns en Cristo e verdadeiros fillos teus polo mutuo amor. R.

Ós que impóñe-lo suave vínculo do teu amor, para que na mutua atención atopen a felicidade.
R.

Para que a coroa dos fillos alegre a muller e o home que unes no mutuo amor, cando cheguen a constituíren unha familia. R.

Ós que polo sacramento do Matrimonio lles concedera-la plenitude do amor co que Cristo amou á Igrexa. R.

Á N. e N., ós que chamas á plena comunión de amor concédelles, coma membros da familia cristiá, un só corazón e unha soa alma. R.

232. Antes da oración da bendición, os noivos que van recibila, segundo o costume do lugar, poden expresa-la promesa cun sinal alusivo ó Matrimonio, por exemplo, o agasallo dos aneis ou outros dons tradicionais.

233. Os aneis ou os outros dons cos que se obsequien, pódense bendicir do seguinte xeito:

Conservade ben estes agasallos,
para que, a mutua entrega que expresan,
chegue a plenitude no voso Matrimonio.

R. Amén.

Oración de bendición

234. Coas mans xuntas, ou con elas abertas ou estendidas se é un sacerdote ou un diácono, o que preside di:

Loámoste, Señor,
ti dispós e animas co teu suave consello
estes fillos teus N. e N.
a amarse un ó outro;
fortalece os seus corazóns,
mantenos na fe e na túa gracia,
para que cheguen felices ó sacramento do Matrimonio.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

235. Ou soamente cando preside un sacerdote ou un diácono:

Noso Señor e Deus, fonte de todo amor,
ti coa túa providencia
dirixiches estes mozos para que se atoparan;
concédelles ós que se preparan para o Matrimonio
experimenta-la túa gracia,
fortalecerse coa túa + bendición,
para que medre neles a mutua estima
e se amen con caridade sinxela.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Rito de despedida

236. O que preside di:

O Deus do amor e da paz habite convosco,
vos acompañe no camiño da vida
e confirme os vosos corazóns no seu amor.

R. Amén.

237. Pódese remata-la celebración cun canto axeitado.

III

RITO DA BENDICIÓN DOS ESPOSOS DENTRO DA MISA NOS ANIVERSARIOS DO MATRIMONIO

238. Nos aniversarios do Matrimonio, principalmente no 25º e no 50º (vixésimo quinto, cincocentésimo, sexcentésimo, etc.), tense un particular recordo do sacramento na celebración da Misa propia, coas oracións que se propoñen no Misal Romano (*Misas Rituals*, «polos esposos», 2. Nos aniversarios do Matrimonio).

239. Na liturxia da palabra, segundo as rúbricas, pódense toma-los textos ou do Leccionario para a celebración do Matrimonio (cf. máis arriba, nn. ***), ou da Misa «para dar gracias a Deus» do Leccionario das Misas «por algunhas necesidades».

240. Despois do Evanxeo, o sacerdote na homilía debe expoñe-lo misterio e a gracia da vida cristiá matrimonial, atendendo tamén ás circunstancias persoais.

241. Rematada a homilía, o sacerdote invita os esposos a rezar en silencio e a renovar diante de Deus o seu propósito de vivir santamente no Matrimonio. Pode empregar estas ou parecidas palabras:

No aniversario daquela celebración
na que uníste-la vosa vida
cun vencello indisoluble
polo sacramento do matrimonio,
renovade agora, diante do Señor,
aquela palabra do casamento
feita hai (XXV, L) anos,
e pregade a Deus
para que a súa gracia
confirme os vosos propósitos.

242. Entón, os esposos renovan ás caladas o seu propósito.

243. Se, polo contrario, os esposos queren declara-la renovación do seu propósito, pódese utiliza-la fórmula seguinte:

O esposo:

Bendito sexas, Señor, que pola túa misericordia
recibín a N. coma miña muller.

A esposa:

Bendito sexas, Señor, que pola túa misericordia
recibín a N. coma meu marido.

Os dous:

Bendito sexas, Señor,
que nas alegrías e nas adversidades da nosa vida
fuches bo connosco,
axúdanos a manernos no verdadeiro amor
para ser fieis testemuñas
da alianza que estableciches cos homes.

O sacerdote:

O Señor vos protexa tódolos días da vosa vida.
Sexa o voso consolo nas adversidades,
axuda na ventura
e multiplique na vosa casa as súas bendicións
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Bendición dos aneis

244. Se é oportuno, o sacerdote di:

Santifica, Señor,
e acrecenta o amor destes teus fillos,
para que os aneis que se entregaron
como sinal de mutua fidelidade,
lles sirvan sempre de acrecentamento
da gracia do sacramento.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

E pódense incensa-los aneis.

245. Pero se os aneis son novos, o sacerdote di a seguinte oración de bendición:

Bendí e santifica, Señor,
no teu amor a estes teus fillos e fai que
-ó levaren postos estes aneis
como sinal de mutua fidelidade-
se lembren a cotío do amor
que prometeron terse un ó outro

e da gracia do sacramento.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Outra oración no núm. ***.

246. Segue a oración universal ou de tódolos fieis, segundo é costume na celebración da Misa, ou unha pregaria común como a seguinte:

Invoquémo-la misericordia de Deus,
noso Pai todopoderoso,
que quixo, no seu pródigo consello,
que o amor, a fidelidade (e a fecundidade) do Matrimonio,
manifestasen a historia da salvación,
e digámoslle:

R. Renova, Señor, a fidelidade destes teus fillos.

Pai santo,
ti queres e inclinas ó cumprimento da túa alianza
a quen chamas á fe.
Fai que a abundancia da túa bendición
enchas estes teus fillos
que no (vixésimo quinto, cincocentésimo, sexcentésimo, etc.) aniversario
recollen os froitos do seu Matrimonio.

R. Renova, Señor, a fidelidade destes teus fillos.

Deus, noso Pai,
ti vives na plena unidade do Fillo e do Espírito Santo
e te compraces na eterna comunión do amor.
Concédelles a estes teus fillos
manter con fidelidade e conserva-la memoria
da alianza de amor que selaron no Matrimonio

R. Renova, Señor, a fidelidade destes teus fillos.

Ti, Pai bo,
que na túa providencia
dispós tódalas experiencias da vida
de modo que encamiñen os teus fieis
a participar no misterio de Cristo:
concede a estes teus fillos
adherirse a Cristo e viviren só para el,
ó aceptaren con gratitude as alegrías e as adversidades.

R. Renova, Señor, a fidelidade destes teus fillos.

Ti, noso Pai,
quixeches que a unión matrimonial
fose medio de vida cristiá,
concede a tódolos esposos
seren no mundo testemuñas
do misterio de amor do teu Fillo.

R. Renova, Señor, a fidelidade destes teus fillos.

247. O sacerdote conclúe a oración:

Deus, a túa vontade é o sólido fundamento
da sociedade familiar,
escoita con misericordia os teus fillos,
e, a exemplo da Sagrada Familia,
concédelle-la alegría de loarte por sempre na túa casa.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

248. Na liturxia eucarística faise todo segundo o Ordinario da Misa, agás o que segue.

Na presentación dos dons, se convén, os esposos poden traer ó altar o pan, o viño e a auga.

249. Despois do “Noso Pai”, omítese o “Líbranos, Señor”, e o sacerdote, de cara ós esposos, di coas mans estendidas:

A ti Deus, creador de todo,
loámoste e bendicímoste,
porque formáche-lo home e a muller
para que vivisen unidos en alianza de amor.
Dámosche gracias tamén
porque bendixéche-la unión familiar destes teus fillos
e a convertiches en símbolo da unión de Cristo coa Igrexa.
Olla agora agarimoso estes fillos teus
que mantiveches unidos nas alegrías e nos traballos,
aumenta neles a caridade
e afírmaos na paz
para que (coa coroa dos fillos que hoxe lles acompañan)
gocen por sempre da túa bendición.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

250. Despois de “*A paz do Señor*”, se é oportuno e seguindo o costume de cada lugar, os esposos e tódolos presentes danse a paz, manifestando o amor entre eles.

251. Os esposos poden comungar baixo as dúas especies.

252. Ó remate da Misa, o sacerdote bendí os esposos e os presentes como de costume ou coa bendición solemne que segue:

O diácono ou, a falta del, o mesmo sacerdote pode face-la invitación con estas palabras ou outras semellantes:

Inclinádevos para recibi-la bendición.

Despois o sacerdote, estendendo as mans cara ós esposos, pronuncia a bendición:

Deus, Pai todopoderoso,
vos dea a súa alegría
e vos bendiga.

R. Amén.

O Fillo Único de Deus,
teña piedade de vós
e vos axude na felicidade e na desgracia.

R. Amén.

O Espírito Santo,
encha os vosos corazóns
co seu amor.

R. Amén.

E por fin bendí a tódolos presentes, dicindo:

E a todos vós aquí reunidos,
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai e Fillo + e Espírito Santo.

R. Amén.

IV

RITO DA CELEBRACIÓN DO MATRIMONIO ASISTIDO POR UN LAICO

* A Conferencia Episcopal Española considera que non se dan as circunstancias necesarias para o emprego deste rito no noso país.

253. Cando o Matrimonio se celebra, segundo a norma do núm. 254 diante dun asistente laico, empregárase o rito seguinte.

254. O laico, delegado polo Bispo diocesano para que asista á celebración do Matrimonio, hase preocupar da instrución catequética e da preparación espiritual dos noivos. Cómprelle ordenar todo o esixido polo dereito e prepara-las preces, as lecturas e a participación comunitaria para unha celebración xusta, responsable e frutuosa do sacramento do Matrimonio.

O asistente laico non só recibe o consentimento dos noivos, senón que tamén modera toda a celebración.

255. O normal é face-lo rito na igrexa.

O vestido do laico asistente ha ser apropiado ó decoro do ministerio ou o aconsellado polo Bispo.

Ritos Iniciais

256. Reunido o pobo e todo disposto, o asistente cos seus axudantes sae ó encontro dos noivos e saúdaos benevolmente.

257. Despois, coas mans xuntas, di:

Bendito sexa Deus,
Pai misericordioso
e Deus de toda consolación.

Todos responden:

Amén.

Ou:

Bendito sexa Deus agora e sempre.

Ou con outro saúdo axeitado.

258. O asistente diríxese ós noivos e ós presentes co fin de dispoñer-las seus ánimos á celebración do Matrimonio, con estas ou semellantes palabras:

Cheos de ledicia, xuntámonos na casa do Señor,
 meus queridos irmáns,
 para esta celebración no día no que N. N.
 aquí presentes,
 van comeza-la edificación do seu fogar.
 Para eles é un momento senlleiro e importante.
 Agardan o noso cariño, a nosa amizade
 e ademais a compañía da nosa pregaría fraterna.
 escoitemos con atención a palabra
 coa que hoxe Deus nos fala, a eles e a todos nós.
 Oremos suplicantes, na unidade da Igrexa santa,
 por intercesión do noso Señor Xesucristo,
 que Deus, noso Pai, acolla benigno, bendiga e xunte para sempre
 este noivos, fillos seus.

259. Ou:

N. e N., a Igrexa comparte a vosa alegría
 e acóllevos con todo o corazón,
 en compañía dos vosos pais e dos vosos amigos,
 no día en que, diante de Deus, noso Pai,
 vos xuntades para toda a vida.
 ¡Que vos escoite o Señor
 no día da vosa alegría
 e derrame o don do ceo
 que vos protexa!
 ¡Que acolla as pregarías do voso corazón!

Liturxia da palabra

260. O lector, ou un dos presentes ou o mesmo asistente laico fai a lectura, escollendo o texto de entre os que se propoñen no núm. 56 ou outros de entre as lecturas que máis adiante se indican (nn. ***-***). Pódense ler unha ou dúas lecturas, segundo conveña. Elíxase sempre polo menos unha lectura que fale explicitamente do Matrimonio.

A introducción ó Evanxeo faise do xeito seguinte:

Escoitade irmáns, a palabra do santo Evanxeo segundo N.

Convén que o asistente laico exhorte os noivos ou lea a homilía que faga presente o Bispo ou o párroco.

Rito do Matrimonio

261. Dada a importancia do consentimento, cando se celebren no mesmo acto dous ou máis matrimonios, o "escrutinio", o "consentimento" e a súa "recepção" hanse facer un a un para cada matrimonio, o demais, mesmo a bendición "sobre os esposos", dise, en número plural,

dunha vez para tódolos matrimonios.

262. Despois da exhortación, estando todos de pé, incluídos os noivos, dispostas para isto as testemuñas, o asistente fálalles ós que van contraer Matrimonio:

Benqueridos irmáns (ou: N. e N.), acudistes aquí,
 para que a vosa intención de contraer Matrimonio
 fose confirmada polo Señor
 co seu selo sagrado,
 diante de min, delegado do noso Bispo para iso
 e diante da comunidade eclesial.
 Cristo bendí abondosamente o voso amor
 e con este sacramento
 fortalece e enche de gracia
 ós que xa consagrara polo santo Bautismo,
 para que vos aceptedes sempre na mutua fidelidade
 e manteñáde-los demais compromisos do Matrimonio.
 Por todo isto, diante da Igrexa,
 eu preguntovos pola vosa disposición:

Escrutinio

263. Logo o asistente preguntalles pola liberdade, a fidelidade, a crianza e maila educación dos fillos.

N. e N., a palabra de Deus revélanos o Sacramento do Matrimonio e a dignidade do amor conxugal. Manifestade agora, pois, diante da Igrexa o voso pensar sobre isto.

¿Viñestes aquí contraer Matrimonio sen vos sentir forzados, senón máis ben con enteira liberdade?

Os noivos: Viñemos.

¿Estades dispostos, cumprindo cos vosos deberes matrimoniais, a querervos un ó outro e a gardarvos respecto mutuo ó longo de toda a vosa vida?

Os noivos: Estamos.

A seguinte pregunta pódese omitir, se as circunstancias o aconsellan; no caso, por exemplo, de que os noivos sexan xa entrados en anos.

¿Estades dispostos a recibir agarimosamente os fillos que Deus vos queira dar e tamén a educalos segundo a lei de Cristo e a doutrina da súa Igrexa?

Os noivos: Estamos.

O Consentimento

264. O asistente invita os noivos a manifesta-lo seu consentimento.

Celebrante: Como traedes a intención de contraer Matrimonio, dádevo-la man e así manifestade o voso consentimento diante de Deus e da súa Igrexa.

Os noivos danse a man dereita e din:

265. O home di:

Eu, N., acóllote a ti, N., por muller miña e prometo que che hei ser sempre fiel, tanto na alegría coma na adversidade, tanto na saúde coma na enfermidade, téndoche amor e respecto tódolos días da miña vida.

A muller di: Eu, N., acóllote a ti, N., por marido meu e prometo que che hei ser sempre fiel, tanto na alegría coma na adversidade, tanto na saúde coma na enfermidade, téndoche amor e respecto tódolos días da miña vida.

266. Se por razóns pastorais se considera máis conveniente, o celebrante pódelles pedi-lo consentimento ós noivos con esta fórmula:

Pregúntalle primeiro ó noivo:

N. ¿queres acoller a N., por muller túa e prometes que lle has ser sempre fiel tanto na alegría coma na adversidade, tanto na saúde coma na enfermidade, téndolle amor e respecto tódolos días da túa vida?

Noivo: Si, quero.

Pregúntalle despois á noiva:

N. ¿queres acoller a N., por marido teu e prometes que lle has ser sempre fiel tanto na alegría coma na adversidade, tanto na saúde coma na enfermidade, téndolle amor e respecto tódolos días da túa vida?

Noiva: Si, quero.

Recepción do consentimento

267. O asistente, despois de recibi-lo consentimento di:

Que Deus, Noso Pai,
lle dea firmeza ó consentimento
que acabades de manifestar diante da Igrexa
e vos conceda a plenitude da súa bendición.
O que Deus xuntou, que non o separe o home.

Ou:

O Deus de Abrahán, Deus de Isaac e Deus de Xacob,
o Deus que uniu os nosos primeiros pais no paraíso,
bendiga e confirme en Cristo o voso consentimento
que acabades de manifestar diante da Igrexa,
para que o que El xuntou, non o separe o home.

268. Entón o asistente invita os fieis a loar a Deus.

Bendigamos ó Señor.

R.Deámoslle gracias a Deus.

Bendición e entrega dos aneis

269. O asistente, coas mans xuntas, di esta oración:

O Señor bendiga estes aneis
que vos ides entregar un ó outro
como sinal de que vos tendes amor
e de que sempre vos gardaredes mutua fidelidade.

R. Amén.

Outras fórmulas de bendición dos aneis, nos nn. ***-***.

Asperxe os aneis coa auga bendita, se lle parece oportuno, e dállelos ós esposos.

270. O esposo ponlle á esposa o anel no dedo anular da man dereita, dicindo segundo conveña:

Esposo:N., toma este anel como unha mostra do amor que che teño e da fidelidade que che hei de gardar. No nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Tamén a esposa lle pon ó esposo o seu anel no dedo anular da man dereita, dicindo, segundo conveña:

Esposa:N., toma este anel como unha mostra do amor que che teño e da fidelidade que che hei de gardar. No nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

269bis. Se hai o costume de entrega-las arras, o asistente di:

O Señor bendiga estas arras que N. e N. se entregan,
e mandee sobre elas a abundancia dos seus bens.

O esposo colle as arras e entrégallas á esposa, dicindo:

N., colle estas arras como peñor da bendición de Deus
e signo dos bens que xuntos imos compartir.

A esposa colle as arras e entrégallas ó esposo, dicindo:

N., colle estas arras como peñor da bendición de Deus
e signo dos bens que xuntos imos compartir.

271. Entón a comunidade pode entoar un himno ou un canto de loanza.

Oración dos fieis

272. Dise logo a oración universal ou oración dos fieis, como de costume (véxanse os exemplos que se propoñen nos nn. 69, *** e ***).

273. Despois das invocacións da oración dos fieis, se se vai distribuí-la sagrada Comunión, inmediatamente dise a "bendición dos esposos" (núm. ***). Se non hai sagrada Comunión, o asistente prosegue coas seguintes ou semellantes palabras:

Supliquemos a Deus, noso Pai,
que quere ve-los seus fillos unidos na caridade,
coa oración da familia de Deus
que nos ensinou noso Señor Xesucristo:

E todos xuntos din:

Noso Pai que estás no ceo:
santificado sexa o teu nome,
veña o teu reino
e fágase a túa vontade
aquí na terra coma no ceo.
Danos hoxe o noso pan de cada día;
perdoa as nosas ofensas,
como tamén perdoamos nós
a quen nos ten ofendido;
e non nos deixes caer na tentación,
mais líbranos do mal.

Bendición dos esposos

274. O asistente, coas mans xuntas, prosegue:

Invoquemos agora a bendición do Señor
sobre estes esposos

para que enriqueza co auxilio da súa gracia
os que santificou co sacramento do Matrimonio.

Todos oran en silencio por uns instantes.

275. Despois o asistente di sobre os esposos, coas mans xuntas, a oración de bendición nupcial, coa participación de tódolos asistentes:

Bendito Deus, Pai todopoderoso,
ti quixeches eleva-lo home creado polo don da túa piedade
a tanta dignidade
que imprimiches na alianza matrimonial
a verdadeira imaxe do teu amor.

R. Bendito Deus.

Bendito Deus, Fillo único, Xesucristo,
que quixeches que a alianza matrimonial dos teus fieis,
revelara o misterio do teu amor na Igrexa pola que te entregaches
para facela santa e inmaculada.

R. Bendito Deus.

Bendito Deus, Espírito Santo, Paráclito,
santificador e realizador da unidade,
que habitas nos fillos de adopción
para que manteñan solícitos a unidade
no vínculo da paz.

R. Bendito Deus.

Garda estes teus fillos N. e N.,
que uniches no sacramento do Matrimonio
vencellados de corazón co mutuo amor,
para que na súa gozosa entrega conxugal
adornen cos fillos a familia humana,
enriquezan a santa Igrexa
e se manifesten no mundo coma testemuñas túas.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

ou:

Olla, Señor, os teus servos N. e N.
e concédelles que confiando en Ti só,
reciban o don da túa gracia,
manteñan o teu amor na unidade

e, despois desta vida,
merezan chegar á ditosa alegría eterna.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Despois, se non se distribúe a sagrada Comunión, remátase a celebración (núm. 283).

Sagrada Comunión

276. Se hai que distribuí-la Comunión, despois da "Bendición dos esposos", o asistente colle o copón co Corpo do Señor no sagrario onde se reserva a Eucaristía, pono no altar e fai xenuflexión.

277. Despois introduce a Oración Dominical con estas ou semellantes palabras:

Guiándonos polos consellos do Salvador
e seguindo a súa doutrina,
atrevémonos a dicir:

E todos xuntos din:

Noso Pai que estás no ceo:
santificado sexa o teu nome,
veña o teu reino
e fágase a túa vontade
aquí na terra coma no ceo.
Danos hoxe o noso pan de cada día;
perdoa as nosas ofensas,
como tamén perdoamos nós
a quen nos ten ofendido;
e non nos deixes caer na tentación,
mais líbranos do mal.

278. Despois, segundo conveña, invita os fieis con estas ou semellantes palabras:

Dádevo-la paz coma irmáns.

E os esposos e os demais fieis exprésanse entre eles a paz e a caridade.

279. Logo, o asistente fai xenuflexión, colle o Corpo de Cristo e, téndoo un pouco elevado sobre o copón, móstrallelo ós que van comungar e di:

Este é o Año de Deus que quita o pecado do mundo.
Felices os convidados á cea do Señor.

E os que van comungar engaden:

Señor, eu non son merecente
de que entres no meu fogar,
mais unha palabra túa
abonda para me salvar.

280. Se o mesmo asistente comunga, di en secreto:

Que o Corpo de Cristo me garde para a vida eterna.

E comunga reverentemente o Corpo de Cristo.

281. Despois colle a patena ou o copón, achégase onda os que queren comungar e mostrándolle-lo pan consagrado, que mantén un pouco elevado, dilles a cada un deles:

O Corpo de Cristo.

O que vai comungar responde:

Amén.

E comunga.

282. Mentres se fai a Comuñón, se convén, pódese entoar un canto axeitado.

283. Rematada a Comuñón, se parece oportuno, pódense gardar uns momentos de silencio, ou cantar un salmo ou un cántico de loanza.

284. Despois, o asistente di esta oración:

Oremos.

Señor, despois de participarmos na túa mesa,
pedímosche polos teus fillos N. e N.
que acaban de unirse no sacramento do Matrimonio.
Fai que vivan sempre unidos a ti
e proclamen entre os homes a túa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Rito de despedida.

285. O asistente laico remata a celebración facendo sobre el o sinal da Cruz e dicindo:

Deus nos encha co gozo e a esperanza da fe.
A paz de Cristo relouque nos nosos corazóns.
O Espírito Santo penetre cos seus dons nas nosas almas.

Todos responden:

Amén.

286. A celebración remata cun canto axeitado. Á fin, o asistente e as testemuñas asinan a acta do Matrimonio. Isto pódese facer na sancristía ou diante do pobo; pero neste caso non se faga sobre o altar.

ÍNDICE

Capítulo I: Rito da celebración do Matrimonio dentro da Misa.

Capítulo II: Rito da celebración do Matrimonio fóra da Misa.

Capítulo III: Rito da celebración do Matrimonio entre unha parte católica e outra que non está bautizada.

Capítulo IV: Textos diversos para empregar no Rito do Matrimonio e na Misa “polos esposos”.

Apéndices:

I Formularios para a oración dos fieis.

II Rito da bendición do desposorio.

III Rito da bendición dos esposos dentro da Misa nos aniversarios do Matrimonio.

IV Rito da celebración do Matrimonio asistido por un laico.